

Santiago Montero Díaz

As derivas dun fascista heterodoxo

I

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS

Xosé M. Núñez Seixas é catedrático de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela. Entre as súas últimas obras salientan *Patriotas y demócratas. El discurso nacionalista español después de Franco* (2010) e (con F. Molina, ed.) *Los heterodoxos de la patria* (2011).

O presente artigo céntrase na análise das derivas que, tanto no eixo españolismo-galeguismo como no eixo paralelo dereita-esquerda, experimentou un personaxe atípico, e en boa medida secundario, da escena política galega e española do período de entreguerras e durante o primeiro franquismo. Trátase do ferrolán Santiago Montero Díaz (1911-1985), bibliotecario e profesor de Historia Antiga na Universidade de Santiago de Compostela e, máis tarde, catedrático nas de Murcia e Madrid, quen de convencido comunista preocupado pola “rexeneración nacional” de España en 1930-32 se converteu, logo dunha incursión contraditoria dende posicións federalistas no nacionalismo galego, entre 1928 e 1932, e unha viaxe de estudos á Alemaña nazi na primavera de 1933, aos postulados fascistas impulsados por Ramiro Ledesma Ramos, de cuxa organización foi líder en Galicia, e cuxas esencias “esquerdistas”, no vieiro dun atípico nacionalbolxevismo, mantivo ao rexeitar a fusión con Falange Española.

Despois da guerra civil, durante a que exerceu de propagandista do *Nuevo Estado* e a súa política social, Montero Díaz mantívose fiel ás esencias fascistas, predicou en 1944-45 o aliñamento decidido de España co Eixo, conspiracións con elementos nazis incluídas, e refuxiouse na Historia Antiga, en cuxas personalidades buscaba ao *Duce* inexistente no presente. Con todo, dende finais da década de 1950, Montero Díaz aproximouse á oposición estudantil ao réxime e retornou ás posicións galeguistas de 1932. Mais sempre se mantivo fiel a un confuso nacional-bolxevismo con referentes nacionais cambiantes.

Montero Díaz encarnou un tipo de deriva ideolóxica moi característica dunha parte da intelectualidade e da clase política europea do período de entreguerras: a que levaba do socialismo e o comunismo marxista ao fascismo, con idas e voltas. O estudo das *derivas* fascistas de ida e volta de personaxes secundarios na historia do fascismo español dende posicións ideolóxicas diversas e contrapostas (no dobre eixo esquerda-dereita e españolismo-nacionalismo subletal) pódennos descubrir aspectos novos sobre a cuestión que ocupa a investigación histórica dende hai medio século: definir mellor en que residiu o atractivo do fascismo para unha parte da intelectualidade e da mocidade europea do seu tempo; cal foi o seu efecto de

◀ Santiago Montero Díaz impartindo unha palestra a finais da década de 1950. Arquivo de Santiago Montero Herreros, Madrid

Santiago Montero Díaz

As derivas dun fascista heterodoxo

I

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS

Xosé M. Núñez Seixas é catedrático de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela. Entre as súas últimas obras salientan *Patriotas y demócratas. El discurso nacionalista español después de Franco* (2010) e (con F. Molina, ed.) *Los heterodoxos de la patria* (2011).

O presente artigo céntrase na análise das derivas que, tanto no eixo españolismo-galeguismo como no eixo paralelo dereita-esquerda, experimentou un personaxe atípico, e en boa medida secundario, da escena política galega e española do período de entreguerras e durante o primeiro franquismo. Trátase do ferrolán Santiago Montero Díaz (1911-1985), bibliotecario e profesor de Historia Antiga na Universidade de Santiago de Compostela e, máis tarde, catedrático nas de Murcia e Madrid, quen de convencido comunista preocupado pola “rexeneración nacional” de España en 1930-32 se converteu, logo dunha incursión contraditoria dende posicións federalistas no nacionalismo galego, entre 1928 e 1932, e unha viaxe de estudos á Alemaña nazi na primavera de 1933, aos postulados fascistas impulsados por Ramiro Ledesma Ramos, de cuxa organización foi líder en Galicia, e cuxas esencias “esquerdistas”, no vieiro dun atípico nacionalbolxevismo, mantivo ao rexeitar a fusión con Falange Española.

Despois da guerra civil, durante a que exerceu de propagandista do *Nuevo Estado* e a súa política social, Montero Díaz mantívose fiel ás esencias fascistas, predicou en 1944-45 o aliñamento decidido de España co Eixo, conspiracións con elementos nazis incluídas, e refuxiouse na Historia Antiga, en cuxas personalidades buscaba ao *Duce* inexistente no presente. Con todo, dende finais da década de 1950, Montero Díaz aproximouse á oposición estudantil ao réxime e retornou ás posicións galeguistas de 1932. Mais sempre se mantivo fiel a un confuso nacional-bolxevismo con referentes nacionais cambiantes.

Montero Díaz encarnou un tipo de deriva ideolóxica moi característica dunha parte da intelectualidade e da clase política europea do período de entreguerras: a que levaba do socialismo e o comunismo marxista ao fascismo, con idas e voltas. O estudo das *derivas* fascistas de ida e volta de personaxes secundarios na historia do fascismo español dende posicións ideolóxicas diversas e contrapostas (no dobre eixo esquerda-dereita e españolismo-nacionalismo subletal) pódennos descubrir aspectos novos sobre a cuestión que ocupa a investigación histórica dende hai medio século: definir mellor en que residiu o atractivo do fascismo para unha parte da intelectualidade e da mocidade europea do seu tempo; cal foi o seu efecto de

◀ Santiago Montero Díaz impartindo unha palestra a finais da década de 1950. Arquivo de Santiago Montero Herreros, Madrid

arrastre sobre persoas de diferentes orixes políticas; e cales foron os ingredientes que máis peso tiveron na xénese da ideoloxía fascista¹.

Un mozo españolista, comunista e rexionalista

Santiago José Montero Díaz naceu en Ferrol en xaneiro de 1911. Fillo dun comerciante, trasladouse sendo un neno coa súa familia, emigrante, a Cuba, onde cursou o primeiro ensino no colexio dos maristas de Cienfuegos. Regresou a Galicia en 1922 para cursar os estudos de ensino medio na Coruña, no Instituto e no Colexio dos Maristas, e en Ferrol, cos Padres Mercedarios. En 1926 acadaba o título de bacharel, e entre ese ano e 1929 cursou a licenciatura de Filosofía e Letras, sección de Historia, na Universidade de Santiago de Compostela, ademais dalgúns materias de Dereito. Brillante estudante e dotado para a oratoria, obtivo a licenciatura de grao en setembro de 1929, e ese mesmo ano foi nomeado profesor axudante de aulas prácticas da Facultade de Filosofía e Letras². A seguir, Santiago Montero Díaz cursou na Universidade Central de Madrid o doutoramento e as materias complementarias do Corpo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos, no que ingresou, mediante oposición, en agosto de 1931. Primeiro foi destinado á Biblioteca Nacional de Madrid, mais ao pouco tempo solicitou traslado para a Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén foi vicepresidente da Sección de Ciencias Históricas do Ateneo de Madrid nos anos 1931 e 1932³.

Ao mesmo tempo que poñía os esteos dunha carreira académica prometedora, Montero Díaz caracterizouse polas súas temperás inxerencias políticas e culturais. Ao pouco de chegar a Santiago, en novembro de 1926, incorporouse como socio activo ao Seminario de Estudos Galegos (SEG), entidade fundada por iniciativa da intelectualidade galeguista tres anos antes⁴. Aínda non cumprira 17 anos cando a súa pluma empezou a brillar na prensa galega, tanto de Galicia como de Buenos Aires. Combinaba nos seus primeiros escritos unha atención preferente ás cuestións sociais con outros artigos nos que apelaba aos valores espirituais inmanentes das nacións e amosaba un apaixonado españolismo *rexional*, que partía da afervorada identificación co labor de vindicación do pasado de Galicia levada a cabo por filólogos e historiadores, vencellados na meirande parte ao movemento galeguista —as Irmandades da Fala, creadas en 1916, e o propio SEG—, mais que nel non conducía a dubidar en ningún intre da españolidade de Galicia. Pola contra, trátaríase dunha forte reafirmación do papel da *rexión* galega nas glorias

patrias *españolas* e, nomeadamente, do vencello de unión que Galicia xogaríase con Hispanoamérica no presente e que lle cabería xogar no futuro a través das súas colectividades de emigrantes distribuídas polo Novo Continente⁵. Ao mesmo tempo, en 1927 Montero Díaz cantaba en galego ao poeta rexionalista e republicano ourensán Manuel Curros Enríquez, exaltando os seus ideais de liberdade e xustiza⁶. E dous anos máis tarde postulaba en tons grandilocuentes que Galicia necesitaba unha xeración de mozos idealistas que estivese comprometida unicamente coa súa terra, traxendo un horizonte confuso mais pleno de vitalismo e acción. Unha xeración que fose máis aló do intelectualismo e da filosofía, e que soubera “dirixirse a la región entera, con un ademán integral de gesto, de palabra, de pensamiento [...]. Que hable de sí misma, de la región, de los problemas tangentes y concretos”⁷.

O aprendiz de historiador xa semellaba abalar entre o terreo do vitalismo irracionalista e o culto á acción, por unha banda, e o *élan* intelectual e racional, pola outra; e a súa obsesión por vindicar o papel e o nome de Galicia convivía, non sen dificultade, co seu afervorado españolismo e hispanoamericanismo, herdanza probabelmente do recordo dos seus anos de primeira mocidade en Cuba. Uníase a iso a admiración por algúns dos teóricos do rexeneracionismo. Paralelamente, Montero comezou a publicar artigos e conferencias en tribunas de esquerda. Así, nunha palestra impartida no Centro Obrero de Cultura de Ferrol en 1928 disertaba sobre un personaxe case descoñecido, o latinista e orientalista aragonés Julio Cejador Frauca. Admiraba nel o seu cosmopolitismo e internacionalismo científico, clamaba contra o esquecemento en que estaba sumida a súa obra e os tentos de apropiación dos seus contributos e descubrimentos por estudiosos doutras nacionalidades, e concluía que, ao erguer a voz para rememorar a figura de Cejador, facíao tamén por deber de patriotismo, co fin de

[...] lanzar una voz de alarma [...] que ojalá pudiese llegar hasta las almas dormidas para hacerles ver que cuando se trata de una gloria nacional, el primer deber está en olvidar las rencillas, en amortiguar los odios, en vencerse a sí mismos para rendir homenaje puro y desinteresado al Genio. Y, con el Genio, a la Patria. Hagamos por ella lo que no hemos hecho por la memoria del genio esclarecido.

Naqueles intres de crises e “brumas en el porvenir”, a maiores, a patria precisaba de unidade e consciencia da súa tradición:

España necesita todos sus valores, unidos, agrupados en su torno, compenetrados para coadyuvar a

un mesmo fin [...]. Esos valores raciales, sea calquiera su natureza, sean valores civís, valores éticos, valores económicos, valores mentales, han de servir para restaurar sobre su sien esa corona que ciñó outros siglos y que los acontecementos arrebataron, desgranando una a una sus perlas y uno a uno apagando sus fulgores.

Mais o renacemento nacional que Montero propugnaba non debía basearse en exércitos ou conquistas, senón en valores cívicos, literarios, científicos e universais, que eran os auténticos paladíns do xenio nacional, incluíndo ao socialista ferrolán Pablo Iglesias:

[...] los altos valores espirituales que forman la cima donde los genios se asientan, donde las almas culminan, donde los hombres tocan a los dioses, y se llaman Goya en el Arte, Marchena en la rebeldía; Pablo Iglesias en el apostolado; Pompeyo Gener en la crítica; Concepción Arenal en la bondad; Cejador en la Ciencia⁸.

Contra finais da década de 1920, Montero Díaz estaba próximo a posicións de esquerda marxista. Primeiro colaborou ocasionalmente cun semanario socialista da súa cidade natal, *El Obrero*, onde publicou algúns artigos de denuncia social. Mais a falla de resposta *activa* dos socialistas produciu nel un rápido desencanto⁹. Daquela decantouse progresivamente polo comunismo. Naquela altura, o Partido Comunista de España (PCE) apenas era en Galicia algo máis que un conxunto de células urbanas pouco coordinadas entre si¹⁰. En xuño de 1931 o ferrolán declaraba non ser “comunista afiliado, aunque espero serlo pronto, sino simpatizante”, e entre o verán e o outono do mesmo ano ingresou formalmente no partido. Malia que, probablemente por estar concentrado na súa carreira académica e os cambios de residencia entre Galicia e Madrid, non desempeñou un papel especialmente senlleiro nas actividades públicas do PCE, Montero fíxose un oco no panorama publicístico e político galego.

Con todo, durante este período non atoparemos nos seus escritos o doutrinarismo marxista de manual propio da maioría dos líderes intermedios do comunismo español daquel momento¹¹. O seu nacionalismo español dende a afirmación rexional —que coqueteaba co galeguismo, pero en ningún momento chegaba a sumarse a el, nin moito menos a afiliarse ás súas organizacións— avíñase mal co discurso típico e tópico da III Internacional. De primeiras, co materialismo histórico marxista. Pois o idealismo hegeliano de Montero, patente na súa visión da Historia e claramente antiprovidencialista, conxugaba coa súa crenza na capacidade dos homes para definir o seu

Montero Díaz combinaba nos seus primeiros escritos unha atención preferente ás cuestións sociais con outros artigos nos que apelaba aos valores espirituais inmanentes das nacións e amosaba un apaixonado españolismo *rexional*

1. Vid. o enfoque modélico de Ph. Burrin (2003), *La dérive fasciste: Doriot, Déat, Bergery 1933-1945*, París: Éditions du Seuil. Igualmente, vid. M. B. Loughlin (2001), “Gustave Hervé’s Transition from Socialism to National Socialism: Another Example of French Fascism”, *Journal of Contemporary History* 36: 1, pp. 5-39, e S. Noiret (1992), *Massimalismo e crisi dello stato liberale: Nicola Bombacci (1879-1924)*, Milán: Franco Angeli, e mais X. M. Núñez Seixas e F. Molina (eds., 2011), *Los heterodoxos de la patria. Derivas de nacionalistas atípicos en la España del siglo XX*, Granada: Comares (no prelo).
2. Expediente académico de Santiago Montero Díaz, Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS), Fondo Universidade, 879/11.
3. Un esbozo biográfico, reivindicativo pero ben informado, de Montero Díaz pódese consultar en E. Nortling (2008 [2002]), *Las JONS revolucionarias. Compañeros de Ramiro Ledesma: los otros jonsistas. Semblanzas y textos*, Molins de Rei: Nueva República, pp. 99-113.
4. Vid. varias referencias en A. Mato Domínguez (2001), *O Seminario de Estudos Galegos*, Sada: Edicións do Castro.
5. Montero Díaz, S. “Nuestra grandeza”, *Vida Gallega*, 20-VII-1927; “Verbo y acción”, *Vida Gallega*, 30-I-1928.
6. Citado por X. Alonso Montero (2007), *Intelectuais marxistas e militantes comunistas en Galicia (1926-2006)*, Vigo: Xerais, p. 78.
7. Montero Díaz, S. “Galicia auténtica”, *Vida Gallega*, 25-VIII-1929.
8. Montero Díaz, S. [1929]. *Hagamos justicia (La obra de Julio Cejador)*. Conferencias, Ferrol: Tip. El Correo Gallego, pp. 23-24.
9. Poucos anos despois, en 1932, Montero Díaz narra que, logo de visitar unha telleira en Ares, escribiu un artigo sobre as duras condicións de traballo alí imperantes “en un semanario socialista de El Ferrol. Yo era entonces muy ingenuo y creía en los semanarios socialistas. La Agrupación se indignó mucho; se publicó el artículo; juraron intervenir y, efectivamente, se callaron, según es su deber”. Vid. Montero Díaz, S., “Notas históricas y actuales sobre el trabajo en Galicia”, *Orto. Revista de Documentación Social* I: 3 (maio, 1932), pp. 146-49 (aquí, p. 148).
10. Santidrián Arias, V. (2002). *Historia do PCE en Galicia, 1920-1968*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
11. Alonso Montero, X. “Escritos marxistas de Santiago Montero Díaz (1930-1933): Noticia e antoloxía”, en id., *Intelectuais*, pp. 76-99.

destino, o peso do continxente e, ao tempo, o papel estelar das personalidades excepcionais, unxidas de calidades extraordinarias, que mediante a súa vontade, capacidade de liderado e clarividencia eran quen de encarnar valores universais e de dotar de rumbo a un pobo ou nación, superando os seus intereses individuais e fundíndoos cunha misión transcendente. Eran eses grandes homes os que marcarían o apoxeo dos grandes imperios, dende Macedonia a Roma.

A fe de Montero Díaz en tales valores como motores do devir histórico exprésase claramente nos seus escritos sobre Historia Medieval e Historia Antiga. A carón de traballos de tipo máis académico e empírico, como a análise e a transcripción erudita de coleccións de tumbos medievais, tal a de San Martiño de Xubia —a súa tese de doutoramento—, a verdadeira paixón do historiador ferrolán, que tería continuidade despois de 1939, era a análise e a exaltación empática das grandes personalidades do mundo antigo e medieval; e, nomeadamente, dos construtores de imperios, dende o romano-hispalense Traxano ata o macedonio Alexandre Magno, do mesmo xeito que algúns personaxes excepcionais da época medieval, como o arcebispo compostelán Diego Xelmírez, en quen vía unha vontade de imperio que transcendía os límites da sé compostelá e tiña vocación universal¹². Tamén reivindicou a figura do padre ourensán Benito Jerónimo Feijoo, ao que consideraba o pai do “renacemento galego” e un erudito e polígrafo cuxa proxeción transcendía as fronteiras de Galicia¹³. En certa maneira, Montero Díaz sempre expresou as súas teorías políticas de xeito sublimado a través da súa visión da Historia¹⁴.

Marxista, revolucionario e... ¿galeguista? (1930-1932)

A tensión teórica inmanente entre a apelación de Montero Díaz á urxencia purificadora e palinxénica da revolución, e a súa crenza en valores morais e espirituais, así como nos grandes homes como construtores de imperios, tampouco non tardou en aparecer no seu ensaio político. E manifestouse en dúas obras orixinais, e ata certo punto incomprendidas na conxuntura da transición dende a ditadura de Primo de Rivera á II República.

A primeira foi o folleto *Los separatismos*, escrito no verán de 1930, en plena *ditabrande* do xeneral Berenguer, mais que viu a luz de forma practicamente simultánea á proclamación da II República. Era un folleto atípico: un comunista publicaba un caderno de divulgación na editorial dun masón e anarcosindicalista valenciano, Marín Civera Martínez, posterior partidario do

sector *trentista* da CNT e do Partido Sindicalista de Ángel Pestaña¹⁵. De feito, Montero Díaz consideraba en 1932 que este libro fora superado polos acontecementos, aínda que as súas formulacións teóricas permanecían vixentes no doutrinal e no histórico. En todo caso, nesa obra o comunista ferrolán semellaba querer ultrapasar os seus propios oxímoros. Consideraba así que o *separatismo* (denominación que utilizaba para todo *rexionalismo* cando este daba o salto da cultura á política) conduciría á auténtica integración de España, pois “restituiría a las naciones que integran el solar español sus derechos, sus autonomías administrativas, sus libertades. En una sola palabra: el arbitrio de sus destinos”. A seguir, confiaba en que esas mesmas “naciones españolas” volverían a “unirse, a confederarse, estableciendo la verdadera unidad hispánica, basada en un principio de armonía, no de compacta estructuración; de confederación, no de centralización”.

Debía España, pois, converterse nunha confederación, segundo o modelo da URSS e a autodeterminación bolxevique? Algo semellante. Pois a nova unidade non estaba xustificada polo principio supremo da realización dos ideais revolucionarios e a solidariedade entre as clases obreiras nacionais. Pola contra, a través dese proceso, as nacións españolas atoparían a súa auténtica xerarquía, mediante a unión duns “destinos” que serían subordinados a un “ritmo común de vida”, ao que entón, baixo unha forma federal, podería incorporarse Portugal. Aínda que a continuación tentaba xustificar este aserto cun argumento económico (“nuestras naciones, económicamente, se complementan y se necesitan”), e afirmaba que o proceso había estar subordinado en todo momento á plena garantía da satisfacción dos intereses das clases traballadoras, que non debían caer baixo a dirección hexemónica das “mesocracias” nacionalistas periféricas, semellaba evidente para calquera lector que Montero Díaz era un personaxe *sui generis*, que concluía o seu ensaio apelando á construción en España dunha “gran democracia trabajadora, dueña de sus destinos y dueña de los destinos del Estado”, e que inaugurase unha etapa de paz, xustiza e solidariedade. As etapas “nacionalistas” da Historia de España, como a Idade Media, en que as diferentes nacionalidades integrantes dun mesmo destino floreceron libres, foran épocas de prosperidade. As etapas de imperialismo, acompañado de centralismo, fórono de decadencia. As épocas en que o nacionalismo, auténtica manifestación *natural* da personalidade cultural e histórica dos pobos, se manifestou con pulo levaban a un rexudimento plural da nación española con vontade pacífica de imperio¹⁶.


Montero Díaz parecía estar aínda á procura dun modelo político no que encaixasen os diver-

sos vimbios que o seu discurso manexaba, entre a erudición histórica e a vocación de tribuno. E no que coubesen o vitalismo e a revolución, a xustiza social e o orgullo patriótico máis ou menos plural. Buscaba un suxeito histórico para a súa revolución que fose máis aló do internacionalismo proletario e se conciliase coa arela de rexeneración nacional de España. Nestas atopou o fascismo, do que probabelmente xa tiña máis dunha referencia intelectual. Mussolini, como veremos, foi un personaxe da súa devoción, quizais por ver nel e na súa evolución —de socialista revolucionario, pero *nacional*, a fascista— un espello das súas propias contradicións.

En xuño de 1931, o semanario *La Conquista del Estado*, que nacera tres meses antes inspirado por Ramiro Ledesma Ramos, publicaba unha carta de Santiago Montero Díaz onde este protestaba polas acusacións do incipiente fascista zamorano contra o movemento obreiro, e nomeadamente o comunismo, por ser antinacional. Pola contra, do mesmo xeito que na URSS, o comunismo era o único medio polo que a conciencia social e nacional podería ser levada ás masas. Montero, mesmo considerando “inaceptable la situación política de ustedes”, lembraba que os comunistas eran os maiores patriotas españois naquela altura. E rendía un certo tributo de admiración aos promotores de *La Conquista del Estado*, empresa que consideraba “decorosa y magnífica”, polo seu “programa extraño, pero definido, prendido en violencia y coraje”, e por opoñerse a un mesmo adversario que o comunismo: a “farsa degenerada” da democracia liberal. Por iso animaba aos novos fascistas a unírense aos verdadeiros revolucionarios, para ver quen era “el auténtico salvador de las masas hispanas”. A revolución social non faría perder a España as súas esencia histórica, senón que as potenciaría e modificaría nun proxecto de imperialismo solidario en nome da nova civilización:

Con el comunismo triunfante, España realizará gigantescas misiones nacionales, mucho más altas y enormes que esos sonambulismos imperiales que padecen usted y sus amigos. España realizará en África, con los pueblos atrasados, lo que Rusia en Asia. Y será en Europa lo que hoy Rusia: un foco más de las mejores energías y las más apetecidas reivindicaciones sociales [...]. El comunismo es una verdadera originalidad hispana de hoy, la verdadera inteligencia de nuestro porvenir, la verdadera fidelidad a la patria.

Con todo, Montero Díaz vía algúns elementos aproveitables no fascismo: a “repotenciación nacional”, o anticapitalismo, a “valentía económica” do *Duce* na súa política de nacionaliza-



Santiago Montero Díaz mediados os anos vinte.
Arquivo de Santiago Montero Herreros, Madrid

12. Montero Díaz, S. (1935). “Sobre Trajano: con motivo de un libro reciente”, *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela* VII: 24, pp. 3-18; id., “A propósito de un libro de Marañón”, *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela* VII: 23 (1935), pp. 213-30; id., *Introducción al estudio de la Edad Media universal*, Murcia: Universidad de Murcia, 1936.
13. Montero Díaz, S. (1932). “Las ideas estéticas del padre Feijoo”, *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela* IV: 15, pp. 3-95; id., *Galicia en el padre Feijoo*, Madrid: s. ed., 1931.
14. Cf. “Montero Díaz, Santiago”, en G. Pasamar Alzuría e I. Peiró Martín (2002), *Diccionario Akal de historiadores españoles contemporáneos (1840-1980)*, Madrid: Akal, pp. 422-24. Igualmente, J. Martínez-Pinna, “Santiago Montero Díaz: una aproximación historiográfica”, en V. Alonso Troncoso (ed.) (1997), *Ferrolterra galaico-romana*, Ferrol: Concello de Ferrol, pp. 221-32, e mais A. Duplá Ansuategui, “Santiago Montero Díaz. Un itinerario historiográfico singular”, en Montero Díaz, S. (2004), *De Caliclés a Trajano: estudios sobre historia política del mundo antiguo*, Pamplona: Urgoiti, pp. VII-LXXXIII.
15. Paniagua, P. “Marín Civera y la cultura popular”. Orto (1932-1934)?, estudo preliminar a J. Paniagua (ed.), *Orto (1932-1934)*. *Revista de Documentación Social*, Valencia: UNED Alzira/Biblioteca de Historia Social, 2001, vol. I, pp. xiii-lviii.
16. Montero Díaz, S. (1931). *Los separatismos*, Valencia: Cuadernos de Cultura, (tamén dispoñible en: <http://www.filosofia.org/his/h1931a2.htm>).
17. Montero Díaz, S. “Unha carta a *La Conquista del Estado*”, *La Conquista del Estado* 16, 27-VI-1931.

cións e municipalizacións de servizos, a firmeza en política exterior ou “el arrojo de afrontar el poder de las organizaciones católicas”, que cualificaba de “contenidos novísimos y revolucionarios del fascismo”. O *Duce* era un adversario político, e ao mesmo tempo admirado pola súa altura: “Como comunista, me interesa un balazo para la más refulgente condecoración del nuevo César”. E declaraba ademais a súa simpatía por Mussolini, por inxectar “nuevas savias históricas” en Italia, “haber elevado la temperatura nacional de su patria” e por dar un “gran paso revolucionario, que pronto tomará direcciones insospechadas para el mismo Mussolini”. Entre o fascismo e a democracia liberal, representada polas “adoratrices políticas” do, ao seu xuízo, timorato Goberno republicano-socialista da recentemente nada República española, o historiador ferrolán afirmaba non ter dúbidas: un mundo novo, no que o interese colectivo e comunitario primaba, pedía paso¹⁷.

Ese inicial escarceo uniuse ás crecentes decepcións do mozo ferrolán coa causa da autonomía de Galicia e, en particular, co nacionalismo galego. Un primeiro aviso chegou en agosto de 1931. Montero Díaz, naquel momento aínda residente en Madrid, acudiu no restaurante *La Bombilla* a un banquete en homenaxe aos deputados nacionalistas galegos (Castelao, Antón Villar Ponte, Otero Pedrayo e Suárez Picallo) nas Cortes Constituíntes, no que participaron numerosos representantes da colonia galega na capital española. O ton, ao seu xuízo, antiespañol dalgúns dos oradores levouno a improvisar un discurso —que pronunciou, de forma provocadora, en castelán, malia as protestas do público— no que salientaba a idea de que Galicia só triunfara no mundo estando unida a España, pois constituía con Castela a súa propia esencia, dende os tempos do auxe das peregrinacións medievais e do arcebispo Xelmírez. Por iso aborrecía de calquera “separatismo divisionista” e clamaba por que Galicia realizase un ideal celta e latino asemade, “gallardía romana y serenidad celta [...] como buenos hermanos de los griegos eternos”, polo que só no seo de España acadaría unha proxección universal, nun intre ademais en que en toda Europa agromaban nacionalismos con vocación imperial, dende o “hitlerismo cercano al poder” ao “nacionalismo colonial en Francia”. Galicia, pois, debía aspirar a un maior “cosmopolitismo espiritual” e a elaborar unha cultura alicerzada en valores universais, para o que puña como exemplo a arte de Castelao —unha figura pola que sempre sentiu fondo respecto—, e afirmaba que non eran uns territorios os que oprimían a outros, senón que eran as clases posuidoras as que aferrollaban as clases desposuídas. Castela estaba tan oprimida

como Galicia, razón pola que se declaraba partidario dunha federación de repúblicas hispánicas, mais que non fose unha “federación a base de nacionalismos reaccionarios, clericales y burgueses”, que manterían incólume a opresión de clase nos seus territorios e o poder “fascitzante” do Estado central¹⁸. Nunha entrevista publicada nunha revista galega de Madrid, Montero Díaz reafirmábase naqueles postulados, e engadía, para sorpresa do seu interlocutor, que o seu credo político era “precisamente, la consagración de las nacionalidades. De todas. Pero de las nacionalidades salvadas como modalidades populares, sin fronteras imperialistas”¹⁹.

O segundo libro orixinal do aínda comunista Montero non se fixo esperar. En 1932 saíu do prelo a súa derradeira obra de contido doutrinal dende unha perspectiva marxista, outravolta nos *Cuadernos de Cultura* de Marín Civera, sobre o fascismo. De primeiras, a interpretación do fascismo parecía ortodoxa, mesmo canónica: “un nuevo ensayo de concepción del estado burgués para sostener contra el proletariado un predominio de clase”, máis intelixente que os “despotismos antiguos y más audaz que las contradictorias repúblicas demoliberales”. Mediante unha minuciosa análise das condicións polas que o fascismo mussoliniano accedeu ao poder en Italia, Montero Díaz diseccionaba o corpus ideolóxico e institucional do fascismo, e analizaba a estratexia do líder italiano para asumir o poder, traizoando os seus compoñentes sindicalistas e asumindo unha alianza coa burguesía que o levaba a desdicirse das promesas revolucionarias iniciais.

Neste senso, o ferrolán captaba acaidamente, a diferenza de moitos tratadistas —marxistas e non marxistas— do seu tempo, as orixes revolucionarias e esquerdistas do fascismo. Hitler non sería máis que un imitador de Mussolini, de cuxo éxito final dubidaba. Réximes ditatoriais, como o de Primo de Rivera, o polaco Pilsudski ou o portugués Carmona, serían “tipos de gobierno desprovistos de la novedad del fascismo”. Sobre España, o historiador ferrolán concluía que só era digna de salientar a empresa de *La Conquista del Estado*, unha “peña de intelectuales” e de “jóvenes de talento” que imitaban todos os compoñentes do fascismo (“nacionalismo, supremacía del Estado, corporatismo, culto a la patria”), mais sen práctica da violencia para conquistar o poder. Con todo, negaba que a disxuntiva naquela altura fose fascismo ou comunismo. O fascismo só conseguiría atrasar o triunfo final da auténtica revolución, encarnada polo comunismo, e da URSS copiara Mussolini algunha das políticas e medidas máis eficaces do Estado fascista. O futuro sería do comunismo, pois a Europa proletaria tomara nota da experiencia fascista, último bas-



A Coruña, 1940, desfile falanxista no cabodano da morte de José Antonio Primo de Rivera. Proxecto "Nomes e voces". Fondo Dionisio Pereira

tión do dominio dunha burguesía condenada á súa desaparición histórica nun futuro próximo. E malia a "sagacidad organizativa" do partido fascista e o "agudas" que foran as "enseñanzas extraídas de los hechos revolucionarios", a Italia de Mussolini non lograra sobardar "las contradicciones internas del Estado". Aquela non encarnaba unha auténtica revolución na medida en que defendía os intereses, en última instancia, dunha burguesía agónica²⁰.

Montero Díaz xa era case un fascista, sen ser aínda consciente diso. Ledesma Ramos afirmaba en 1935 que intuía xa en 1931, co gallo da carta dirixida a *La Conquista del Estado*, que o ferrolán, malia que o ignorase, era un nacionalsindicalista ao seu pesar. Ledesma advertira deseguida que o comunismo do historiador era peculiar, "lleno de resonancias y apetencias nada bolcheviques", e que tras a súa carta se agachaba "la verdadera y profunda filiación de Montero Díaz, en quien la posición comunista obedecía a una sugestión falsa". Pois a epístola revelaría xa "lo que en realidad era Montero", isto é: "un patriota revolucionario, un subversivo contra el desorden nacional y la poquedad española, es decir, un nacional-sindicalista"²¹.

Poucas dúbidas hai sobre que o historiador ferrolán coñecía extraordinariamente ben ao que entón consideraba o seu inimigo. Diseccionáao e procurara as súas contradicións, lonxe das fra-

O segundo libro orixinal do aínda comunista Montero non se fixo esperar. En 1932 saíu do prelo a súa derradeira obra de contido doutrinal dende unha perspectiva marxista, outravolta nos *Cuadernos de Cultura* de Marín Civera, sobre o fascismo

18. ABC, 4-VIII-1931; Alma Gallega 1, setembro 1931.

19. "Nuestras interviús", Alma Gallega 1, setembro 1931.

20. Montero Díaz, S. (1932). *Fascismo*, Valencia: Cadernos de Cultura, (tamén dispoñible en: <http://www.filosofia.org/his/h1932a1.htm>).

21. Ledesma Ramos, R. *¿Fascismo en España?* [1935], en id., *Obras completas*, Molins de Rei: Eds. Nueva República, 2004, vol. IV, pp. 212-13.

Montero Díaz consideraba que o galeguismo católico “a lo Otero Pedrayo y Risco”, ademais das dereitas republicanas, os radicais e os “caciques casaristas, substitutos de los caciques bugallalianos”, non eran senón expresións do sentimento reaccionario da pequena burguesía galega

ses feitas ao uso dos textos comunistas e da publicación antimarxista da súa época. Porén, o que agora si soaba a xaculatoria un tanto baleira eran as súas solucións: pois ás limitacións burguesas do fascismo, Montero respondía a maioría das veces con consignas e frases feitas, e un escaso coñecemento da URSS. Logo de analizar a política fascista de mocidade polo miúdo, só era quen de opor como modelo alternativo, nunha somera liña, ás organizacións soviéticas de pioneiros. E o mesmo acontecía á hora de expor as medidas económicas e sociais do fascismo.

A maiores, non era o nacionalismo o elemento que realmente criticaba na Italia mussoliniana, senón a súa carencia de auténtico sentido popular e obreiro. Pois nacionalismo español, en Montero, había a mancheas. Nunha glosa do libro de viaxe do escritor soviético Ilya Ehrenburg (*España, república de traballadores*), publicada en maio de 1932, o ferrolán apreciaba naquel unha apoloxía das virtudes tradicionais hispánicas (laboriosidade, xenerosidade, dignidade...), que confirmaban a súa creenza en que “si España es algo, lo es a pesar de república y de monarquía”. Pois España non era só a República. Xa que logo, a apoloxía do pobo español, depositario das virtudes da nación inmortal, corría paralela á denuncia da burguesía “y sus lacayos”. A consecuencia só podía ser unha: a revolución socialista contribuiría ao engrandecemento de España:

España será una magna nación edificadora cuando logre romper la costra capitalista que la inutiliza, y respirar a pleno pulmón el aire de la historia, transformada en una España proletaria, constructiva, triunfante.

Ao tempo, esa revolución tamén implicaría o renacemento de Galicia, cuxa situación de postración e abandono por parte do poder central remataría cando o labrego non emigrase, “creyendo que su salvación está en dejar de ser esclavo en el Cebreiro para serlo en Tucumán o en Matanzas”, senón cando se ocupase en canalizar a súa rebeldía e as súas potencialidades: “concentrando sus energías. Concentrándolas en las células revolucionarias campesinas. Pero no para emigrar, sino para hacer la revolución”²². Postulado este último no que insistía nunha palestra pronunciada polas

mesmas datas na Universidade compostelá, convidado pola Federación Universitaria Escolar (FUE): o problema agrario galego só se resolvería mediante a súa inserción nunha táctica revolucionaria dirixida polo proletariado consciente e organizado das cidades, no marco das solucións fornecidas pola III Internacional, e que non pasase por unha repartición da propiedade, senón polo postulado de que a terra era para quen a traballase, e non se debían pagar nin foros nin impostos ao Estado. Aínda que seguía en boa parte o diagnóstico trazado anos antes polo teórico galeguista Vicente Risco, afastábase del nas solucións²³. Montero Díaz consideraba que o galeguismo católico “a lo Otero Pedrayo y Risco”, ademais das dereitas republicanas, os radicais e os “caciques casaristas, substitutos de los caciques bugallalianos”, non eran senón expresións do sentimento reaccionario da pequena burguesía galega. Esta última carecía de “conciencia revolucionaria de clase contra la gran burguesía”, por ser Galicia un país de pequenos propietarios rurais, aínda que empobrecidos. Pola contra, a súa conciencia de clase “reaccionaria” só tiña un inimigo: o proletariado, representado en Galicia por labregos míseros e obreiros de pequenas industrias rurais e urbanas cuxa opresión e pobreza serían equiparables á sufrida pola clase obreira industrial doutras zonas de España²⁴.

A decepción do historiador coa política galega, coa causa da autonomía e co nacionalismo galego seguiu o seu curso. Ao longo da segunda metade de 1932, Montero Díaz participou nos labores da Comisión Redactora do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia, constituída a proposta da asemblea preparatoria que, reunindo ás “forzas vivas”, representantes municipais e políticos galegos, se reuniu o día 3 de xullo de 1932. A inclusión do nome de Montero Díaz, talvez a proposta do presidente da Mesa da Asemblea, o socialista e galeguista tamén ferrolán Xaime Quintanilla, quizais obedecese, ademais de a un criterio técnico, ao desexo de Quintanilla de que figurase na Comisión quen apuntaba alto como novo valor da esquerda galega, aínda que só fixese parte dela en calidade de arquivista e bibliotecario da universidade compostelá²⁵.

O 4 de setembro deuse a coñecer publicamente o anteproxecto da Comisión, coa sinatura,

entre outros, de Montero Díaz. Porén, incluía un voto particular deste aos artigos 4 e 15 do anteproxecto, que declaraban cooficiais o galego e o castelán e regulaban as cuestións relativas ao ensino. Nas emendas de Montero incluíase o recoñecemento do dereito dos cidadáns a expresárense en galego perante as autoridades e máis o deber dos funcionarios actuantes en Galicia de coñecer o idioma do país. Non obstante, propuña que o castelán debía ser a única lingua da administración nas súas relacións internas dentro de Galicia, así como o idioma oficial da ensinanza. A lingua galega sería materia nas escolas primarias, e nos establecementos de ensino secundario e universitario habíanse crear cátedras de idioma e de cultura galega, que impartirían materias que serían potestativas para os alumnos. Uníase a iso a preservación do carácter estatal dos arquivos, bibliotecas e museos xa existentes, e outras cuestións de detalle²⁶. Eran postulados, polo demais, algo máis restritivos na súa concreción que os que expresara, a finais de 1931 ou comezos de 1932, na súa resposta ao cuestionario sobre o proxecto de Universidade vasca que difundira a Agrupación de Cultura Vasca de Madrid. Segundo Montero, o ensino do eúskaro e da cultura vasca debía introducirse na universidade con materias en *vascuence* obrigatorias para todos. Así incorporárase o *vasquismo* á causa común do nacionalismo español: “urge agregar a las fuerzas morales y a las intelectuales de la hispanidad esa alta capacidad de los vascos, dispersa por no tener un haz”. A cultura vasca tería un senso na medida en que descubriase canto de universal e xenérico había nela: “Si hay una nacionalidad vasca es porque hay una conciencia vasca. Tratad, pues, en vasco —en espíritu vasco— los temas universales”. A universidade, ademais de abrirse aos campesiños e aos obreiros, debía atopar unha misión universal, e incorporar ao País Vasco a esa causa²⁷.

Entre o 17 e o 19 de decembro de 1932, xa destinado en Santiago de Compostela, Montero participou, en calidade de “delegado técnico” e sen representar a ningunha institución ou forza política, na Asemblea de Concellos galegos celebrada naquela cidade, que había de sancionar o anteproxecto de Estatuto. Na defensa pública do seu voto particular, argumentaba que os cidadáns galegos eran bilingües por natureza; consideraba o castelán un idioma tan propio de Galicia como o galego; e distinguía entre, dunha banda, a conveniencia de que o galego —lingua que, con todo, consideraba en decadencia e superada polo maior pulo do castelán, grazas á súa meirande difusión— fose coñecido por todos, incluídas as clases reitoras da futura rexión autónoma, e doutra banda a obriga da súa oficialidade administrativa, aínda que deixaba a porta aberta á introdución do galego no ensino.

O ferrolán manifestábase partidario da consagración dunha “España mucho más fuerte” a través da “consagración del espíritu de las regiones”; máis o castelán debía conservar o rango de único idioma oficial, pois só existía un Estado (o español), e xa que logo só podía rexer unha lingua de uso administrativo e lexislativo (o castelán). Nun dos máis soados debates da asemblea, Montero Díaz enfrontouse dialecticamente co galeguista Alexandre Bóveda, quen impuxo o seu parecer. A consecuente perrencha do ferrolán, pois consideraba que o artigo 4 era un mal de consecuencias imprevisibles para Galicia e España, levouno a abandonar a sesión, malia os tentos dos demais asistentes para que permanecese na asemblea²⁸.

Coa súa deserción do autonomismo, Montero Díaz selou por varios lustros a súa relación de amor e odio co nacionalismo galego, no que quixera ver a semente dun destino imperial, cosmopolita e hispánico que non atopaba nos seus promotores. Pois aínda que a súa posición contraria ao bilingüismo o fixo merecente do epíteto de centralista e representativo antigaleguista, o certo era que o papel reservado nas súas emendas ao idioma do país era maior que nas presentadas por outros particulares e institucións, dende o voto particular expresado polo tamén membro da comisión redactora, o veterano agrarista e rexionalista Rodrigo Sanz, a varias das emendas presentadas por particulares e institucións afastadas do galeguismo.

A conversión fascista

Pouco despois, en febreiro de 1933, Montero Díaz foi pensionado pola Universidade de Santiago de Compostela para realizar en Berlín estudos de Metodoloxía, Filosofía e Teoría da Historia, baixo a supervisión do veterano medievalista da Universidade de Berlín Erich Caspar e do

22. Montero Díaz, S. “Ereburg y Galicia”, *Yunque* 4, 1-V-1932, p. 1.

23. *Vid.* o resumo da palestra en “Unha conferencia encol do noso problema campesino”, *Nós* 101, 15-V-1932, reproducida en X. Alonso Montero, *Intelectuais*, pp. 87-88.

24. Montero Díaz, “Notas históricas”, *op. cit.*

25. *Vid.* a acta da asemblea en B. Cores Trasmonte (1998), *O Estatuto de Autonomía de Galicia (1932-1936). Os documentos oficiais*, Santiago de Compostela: FOESGA, pp. 75-80.

26. *Vid.* o texto das emendas en Cores Trasmonte, *O Estatuto*, pp. 155-58.

27. *Vid.* *La Universidad Vasca (Opiniones recogidas por la Agrupación de Cultura Vasca)*, Madrid: s. ed. [Gráficas Diana], 1932, pp. 82-87.

28. Unha transcripción do debate, celebrado o 18 de decembro de 1932, en U. B. Diéguez Cequiel (2002), *A Asemblea de Concellos de Galiza Pro-Estatuto*, Pontevedra: Fundación Alexandre Bóveda, pp. 48-54.

romanista Ernst Gamillscheg²⁹. A opción por Alemaña parecía ser, así e todo, máis académica que política. O ferrolán posuía xa un certo coñecemento do idioma alemán, como boa parte dos mozos académicos españois do seu tempo; e ademais de Hegel contaba entre os seus filósofos de cabeceira a Max Scheler (1874-1928), un dos seguidores, xunto con Heidegger, da fenomenoloxía, do que sen dúbida tomou a fundamentación personalista da ética, principio segundo o cal os valores só se concretan en modelos humanos que invitan á súa imitación, entre os que estaría o heroe para os valores vitais, o xenio para os espirituais e o santo para os relixiosos. Scheler, con todo, renegara do nazismo e advertiu do perigo que este movemento entrañaba pouco antes da súa morte.

O ferrolán tiña un notable coñecemento, para a súa idade, da cultura alemá. Por esas datas, aínda que saíu publicado en sucesivas entregas case un ano despois, Montero Díaz redactaba un documentado ensaio sobre a novela alemá da I Guerra Mundial, no que abxuraba da socialdemocracia e desexaba a fusión do espírito heroico do proletariado cunha causa internacionalista, como encarnaba o Exército Vermello da URSS, fronte ao falso patriotismo burgués que desviara os combatentes alemáns en 1914-18 do seu verdadeiro obxectivo³⁰. Non semella, con todo, que a súa inclinación cultural xermanófila o levase a ler con profusión os teóricos do nacionalsocialismo, comezando por Hitler.

Apenas coñecemos detalles da estadía berlinesa de Montero Díaz. A súa presenza coincidiu cos primeiros meses triunfais do nacionalsocialismo e a súa progresiva conquista de todo o poder —aínda que o ferrolán solicitara a bolsa en decembro de 1932, antes do acceso de Hitler á chancelería o mes seguinte—, así como coas primeiras medidas legais discriminatorias contra os xudeus e queima de libros do 10 de maio de 1933; e con mostras de adhesión ao réxime de senlleiros historiadores alemáns da Idade Antiga³¹. Estando en Berlín, Ramiro Ledesma Ramos xa tiña contacto co ferrolán, ao que escribiu cara a marzo de 1933 para solicitarlle unha colaboración para a revista *JONS*, cuxo primeiro número se publicou en maio. Aínda que o órgano sería unha revista “cerrada, de partido”, continuaba Ledesma, “nos consta tu rigurosa coincidencia con nosotros”, o que indicaba que Montero Díaz aínda non facía parte da organización³². É difícil avaliar ata que punto a contemplación *in situ* dos primeiros pasos no poder do nacionalsocialismo influíu na decantación política de Montero Díaz polo fascismo. Probabelmente, a conversión fose previa á súa viaxe a Berlín, e na capital alemá non captase gran cousa do ambiente. De feito, nunha

carta posterior a Manuel Rodrigues Lapa posterior, en decembro de 1933, o ferrolán resumía o período berlinés en termos pouco entusiastas: “Estuve en Alemania donde trabajé algo y procuré marcharme cuanto antes, porque me aburría mortalmente aquella gente”³³.

Influído ou non polo que puido contemplar no nacente III Reich, o certo foi que á volta, entre setembro e outubro de 1933, Montero Díaz xa estaba plenamente convertido ao credo fascista. Afiliouse daquela ás Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista (JONS), de Ramiro Ledesma Ramos e Onésimo Redondo, fundadas en outubro de 1931, e na que xa militaban outros dous intelectuais galegos mozos: o licenciado en Filosofía, formado en Freiburg im Breisgau con Heidegger, alumno de Ortega y Gasset e posteriormente catedrático de ensino medio, ademais de teorizador dunha sorte de fascismo campesiño, Manuel Souto Vilas (1903-1975), vástago dun clan caciquil conservador de Arzúa (A Coruña); e mais o historiador americanista formado en Suecia e Berlín Ramón Iglesia Parga (1905-1948), colaborador de *La Gaceta Literaria* e de *La Conquista del Estado*, cuxo manifesto fundacional tamén asinou, aínda que aos poucos meses abandonou o grupo³⁴. De entre eles, foi Montero Díaz quen se converteu nos meses seguintes no principal líder galego das JONS, ás que conferiu certo impulso organizativo dende a posición de profesor universitario.

A organización *jonsista* apenas contaba nese tempo con outro grupo na cidade da Coruña, integrado por estudantes da Escola de Comercio, e algúns núcleos illados ao redor de estudantes que importaron o novo ideario fascista dende Madrid³⁵. Pero Montero facíase notar, e adquiriu un certo perfil público pola súa afervoadada prédica antiestatutista, envolvida nunha brillante oratoria. Nunha palestra pronunciada en outubro de 1933 no Centro *Hijos de Vigo* da cidade olívica, na que expuxo a súa posición radicalmente contraria ao Estatuto galego, foi obxecto dun sonoro boicot protagonizado por varios rapaces galeguistas, que interromperon a súa conferencia ao berro de “Morra España!”³⁶

En decembro de 1933 Montero Díaz publicou na revista doutrinal *JONS* un ensaio, probabelmente o enviado meses atrás dende Berlín a pedido de Ledesma Ramos, no que detallaba a súa aspiración á conxunción entre nacionalismo (español) e socialismo. A tese central non era orixinal, pois era a canónica que se podía agardar dun auténtico fascista: a nación debía converterse en suxeito da revolución, e só un Estado forte que encarnase a aquela podía integrar as masas obreiras a través dun Estado corporativo. A nación tiña agora que ser unitaria na súa

estruturación territorial, opóndose ás tendencias disgregadoras dirixidas pola “plutocracia española, materialista como el marxismo, artera como el marxismo, internacional en sus intereses como el marxismo”, cuxo obxectivo só sería disolver a patria, empobrecer as masas obreiras e campesiñas e esnaquizar a “frente nacional de la revolución”. O *separatismo*, como escribira tres anos antes, era o resultado teleolóxico dunha primeira fase de rexionalismo cultural. Por iso, cumpría tamén renegar do cultivo de culturas e linguas distintas do castelán, pois levaban consigo, en última instancia, a semente da disgregación. A nación había ser agora homoxénea na súa configuración cultural, mediante a forxa dunha “cultura hispánica” exportable a Iberoamérica e que debía ser “común y totalitaria”, imposta ás demais culturas peninsulares, “Rigurosamente. Con inflexibilidad absoluta. Elaborando un plan universitario de revalorización de la cultura española, e imponiéndolo por gual a todas las regiones”³⁷. A desconfianza na pluralidade abalaba agora cara a unha sorte de xacobinismo imperial.

A nación de Montero Díaz, e nisto seguía a Ledesma, era fundamente laica. O seu concepto de qué era a nación española, non sempre explicitado de forma coherente, resumíase na interacción de tres variables: espírito (*Volksgeist*), territorio e poboación. España era unha “unidade de pasado y porvenir, ecuación de tradición y de presente”, feita dun pasado histórico, mais tamén dotada de características tanxibles, que lle outorgaban concreción no espazo ademais de no tempo. E, resaibo quizais da súa etapa comunista, esa concreción expresábase no *pobo*, concepto este pouco grato ao falanxismo (“una España que trabaja, lucha, sufre, canta o ríe en el afán de cada día”), e que permitía realizar o espírito nacional no territorio. En ningún caso entraba nesa ecuación como compoñente substantivo a relixión católica. O laicismo de Montero era aínda máis radical que o de Ledesma Ramos, e limitábase a sinalar como parte do espírito forxado pola tradición a personaxes como santo Isidoro de Sevilla. Con todo, si consideraba que o cristianismo constituía unha forma superior de civilización, sucesora da grecorromana³⁸.

Polas mesmas datas, en decembro de 1933, Montero Díaz conseguiu organizar un grupo *jonsista* en Santiago de Compostela, integrado presumiblemente por algúns estudantes universitarios e docentes igualmente novos, como o antigo *xaimista* e tamén exmilitante da FUE José María Castroviejo y Blanco-Cicerón (1909-1983), que se convertera ao fascismo antes que Montero, pois a comezos do ano xa facía parte do núcleo de seguidores de Ledesma Ramos en Madrid³⁹. O ferrolán

29. “Fue pensionado al extranjero Santiago Montero Díaz”, *El Compostelano*, 19-II-1933. Na súa instancia ao decano da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, datada o 4 de decembro de 1932, Montero Díaz afirmaba querer seguir cursos de Ciencia e Teoría da Historia e da Relixión co medievalista e historiador cultural Kurt Breysig (1866-1940), que se xubilou xusto en 1933; o especialista en Historia de Rusia Karl Stählin (1865-1939), e mais o historiador das relixións antigas Ludwig Deubner (1877-1946), así como “completar las investigaciones realizadas en España sobre orígenes del monacato español y estudiar organización de bibliotecas y archivos en Alemania” (AHUS, FU, 879/11).

30. Montero Díaz, S. “Estudio social sobre la novela alemana de la guerra?”, *Orto* 14 (abril, 1933), pp. 440-44; 15 (agosto, 1933), pp. 1009-10, e 16 (setembro, 1933), pp. 1066-68.

31. *Vid.* Duplá, “Santiago Montero Díaz”, p. xviii.

32. Carta de Ramiro Ledesma Ramos a S. Montero Díaz, s. f., en Ledesma Ramos, *Obra completa*, vol. IV, p. 520.

33. Carta de S. Montero Díaz a M. Rodríguez Lapa, Santiago de Compostela, 23-XII-1933, en M.^a A. Marques *et al.* (eds.), *Correspondencia de Rodríguez Lapa: selección (1929-1985)*, Coimbra: Minerva, 1997, pp. 52- 53.

34. Iglesia-Lesteiro, M.^a F. “Mi padre, Ramón Iglesia (un historiador de la Generación del 27)” e G. San Juan, “Manuel Souto Vilas en mi recuerdo”, en R. Álvarez e D. Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela: USC, 1999, vol. 1, pp. 1243-73 e 1349-66. Outro estudante galego que asinou o manifesto de *La Conquista del Estado* foi Alexandre M. Raimúndez, administrador e redactor de temas económicos do xornal, que ao pouco tempo abandonou os seus contactos co fascismo, achegándose ao Partido Radical, e máis tarde converteuse en catedrático da Escola de Comercio de Barcelona, de onde fuxiu a Londres en plena guerra civil —quizais para evitar que a súa breve fase fascista fose descuberta e lle custase a vida—. Na posguerra achegouse ao galeguismo dende a súa residencia en Londres, onde foi o promotor dos programas en galego que se emitiron na BBC entre 1947 e 1956. Faleceu en Inglaterra a finais da década de 1960.

35. Moure Mariño, L. (1939). *Galicia en la guerra*, Madrid: Ediciones Españolas, pp. 200-01. Igualmente, M. García Venero (1967), *La Falange en la Guerra de España: la Unificación y Hedilla*, París: Ruedo Ibérico, pp. 143-44, e X. H. Acuña, “Xoán Canalejo e a cultura da violencia”, *A Nosa Terra*, 20-X-2005 (tamén dispoñible en: <http://www.anosaterra.org/nova/xoan-canalejo-e-o-culto-a-violencia.html>).

36. *La Voz de Galicia*, 20-X-1933.

37. Montero Díaz, S. “Esquema de doctrina unitaria”, *JONS* 7 (decembro, 1933), pp. 296-304.

38. Montero Díaz, S. (1945). *En presencia de la muerte*, Madrid: s. ed., reproducido en Montero Díaz, S. (2008). *Tres conferencias*, Sevilla: Nueva Aurora, pp. 212-13. Montero citaba nesta palestra un texto seu de “hace varios años”, que non puidemos localizar, mais que en todo caso encaixaba ben coa súa fase *jonsista*.

39. Castroviejo, J. M.^a “La ruta de José Antonio”, *El Pueblo Gallego*, 20-XI-1938. José María Castroviejo, outro personaxe peculiar do *jonsismo* galego, tamén colaborara de forma ocasional na revista *Nós: vid. id.*, “Noroeste”, *Nós* 13: 91 (1931).

era membro do triunvirato dirixente das JONS galegas, daquela apenas un grupo na Coruña, outro en Ferrol e outro en Santiago de Compostela; e xunto con algúns intelectuais antiautonomistas promoveu a aparición dun semanario, *Unidad*, do que só chegou a aparecer un número.

Unidad era, en esencia, un órgano de expresión dun españolismo reactivo, máis que fascista, no doutrinal, e limitábase a denunciar a confabulación caciquil e separatista que estaría na orixe da aspiración a un poder galego autónomo. Baixo o lema “España Una. Grande. Libre”, afirmaba que “los gallegos somos los españoles de Galicia”, e procuraba atacar ao Estado de Autonomía con argumentos en parte esencialistas e debedores da cosmovisión do nacionalismo tradicionalista español (o “escisionismo separatista” como instrumento de turbias finalidades estranxeiras, “matriz de traición y fuente de infamia”), e en parte de natureza socioeconómica, que naquel intre facían parte do repertorio de boa parte da esquerda obreira, como que a autonomía se convertería nun novo instrumento para a dominación do proletariado e o campesiñado por parte dunha “minoría hambrienta, desleal y mediocre”. Xa non aludía á dominación de clase, mais si á “esclavitud económica del obrero y el campesino”⁴⁰. Un tema este reiterado nos escasos panfletos e propaganda escrita que a JONS compostelá distribuíu nos ambientes universitarios de Santiago de Compostela. A unidade da patria era un principio supremo que implicaba a “unidad política de la nación; unidad social de los españoles; unidad moral del pueblo”. Sen concesións ao pluralismo interno. Todas as rexións de España debían estar agora “soldadas en un haz potentísimo, tuteladas bajo el mismo estado de autoridad inmensa, administradas por iguales normas, regidas por las mismas leyes, amparadas por el mismo poder”, sen influencias “extranjerezas” e afastadas da “gangrena mortal” da loita de clases, xunguidas por un “culto sin límites a los valores del espíritu, y a los eternos valores de la patria”⁴¹. Montero Díaz recoñecía que todos os artigos sen sinatura do xornal eran redactados por el, e así mesmo que “la nueva Galicia se pone en pie con el brazo alzado hacia nuestra España imperial y eterna”⁴².

A aventura de *Unidad*, un dos catro órganos de prensa fóra de Madrid de que dispuxo a organización *jonsista*, foi moi breve. Ao pouco da súa aparición, a imprenta onde se editaba foi asaltada e saqueada por militantes galeguistas e de esquerda. Despois da experiencia pouco grata do seu bautismo de lume no activismo político (e non só intelectual) fascista, Montero Díaz retirouse a un plano máis discreto. Aínda tentou atraer as esquerdas mediante algúns panfletos nos que

defendía o carácter nididamente revolucionario do nacionalsindicalismo⁴³. Mais a prensa galeguista e de esquerda continuou a denunciar o “tacto jesuítico” de Montero Díaz e mais o seu labor constante de “envenenar a los nuevos estudiantes de Universidad e Instituto con sus prédicas [...]. Jovencitos que apenas saben leer, hablan enfáticamente del Estado corporativo, de la Unidad hispánica, de haces de flechas”⁴⁴. O ferrolán era contemplado como un perigo incipiente, e atribuíaselle a fundación de “varias centurias” *jonsistas* en Galicia. Con todo, os seus oponentes tamén alcumaron o dilettante fascista universitario como *el niño de la biblioteca*, pondo en evidencia o seu máis ben escaso xorne escuadrista.

En todo caso, se na Falange de preguerra, e nomeadamente nas JONS, aniñaba unha sorte de pluralismo rexional de ton imperial hispánico, considerado como un lévedo preciso da unidade⁴⁵, en Montero Díaz a afirmación máis xenuína dese pluralismo corresponde á súa confusa etapa prefascista. Pois a confrontación co nacionalismo galego levouno, durante un tempo, a acentuar un nacionalismo español puramente reactivo, tendencialmente castelanista e laminador agora de toda diferenza cultural por desconfianza cara ao *separatismo*. A mensaxe era agora moi diferente: se non se podía contar cos nacionalistas subestatais, comezando polos galegos, para a consecución dunha pluralidade hispánica no imperial, mellor era abeiralos e homoxeneizar España na procura da unidade.

Emporiso, a fase proselitista de Montero Díaz foi curta. Cando en marzo de 1934 se materializou a unificación orgánica das JONS con Falange Española (FE), o ferrolán negouse a incorporarse á nova organización resultante, FE de las JONS, e a facer parte do triunvirato dirixente en Galicia, como se acordara entre Ramiro Ledesma e José Antonio Primo de Rivera. Ledesma era da opinión de que a fusión era precisa “en nombre de la eficacia a que obliga el ataque marxista”⁴⁶. Ao non poder asistir en persoa ao Consello Nacional das JONS no que se debaterían as diferentes alternativas de fusión con FE, celebrado os días 11 e 12 de marzo de 1934, Montero Díaz notificou a súa renuncia en circular a todos os *jonsistas* galegos e ao propio Ledesma Ramos, ao que declaraba lealdade incondicional se decidía reemprender o camiño do fascismo revolucionario no futuro. Falange sería un partido de esencia dereitista e afastado do auténtico sentir da “revolución nacional” que pretendían as JONS, cuxa misión principal estribaba en presentar a loita contra o marxismo no plano da “rivalidad revolucionaria”. E só se o zamorano decidía “recobrar la independencia del movimiento o crear uno nuevo bajo las mismas orientaciones que las pri-

mitivas JONS”, declarábase Montero disposto a abandonar o voluntario retiro da acción política. O tento de Ledesma Ramos por atraer o ferrolán á súa estratexia de “puro oportunismo” que evitase a “infecundidad, heroica si quieres”, e por situar a Montero Díaz á fronte da organización fascista fusionada en Galicia non tivo efecto ningún. Montero negouse a falar en persoa co líder das JONS e demitiu por carta⁴⁷. Con el foise tamén algún outro *jonsista* da organización galega, como o seu amigo Ramón Iglesia Parga, igualmente membro do Corpo de Arquiveiros e Bibliotecarios, quen seguiu en diante un camiño moi diferente: pouco máis tarde sumárase á órbita do PCE e acabou exiliándose en México en 1939. Outros, como Castroviejo, volverían ao pouco ao rego de Falange, malia recoñecer anos máis tarde que “vivimos con recelo la unión de las JONS con Falange” por considerala unha desviación doutrinal que levaría a un “conservadurismo de camisa azul”, o, en outro aspecto, en una copia staliniana a la que no eran ajenos ciertos intelectuales que bullían entón por Falange”⁴⁸.

Montero tiña, sen dúbida, unha interpretación inxenua da ubicación de Ledesma Ramos no binomio JONS-FE. Se non trataba tanto de quen era máis revolucionario e xenuinamente fascista, senón de como se podía acadar unha mellor fascistización das forzas antirrepublicanas. Mais Montero tamén tiña unha vida á marxe da política. E aproveitou o retiro desta para doutorarse en Historia, afianzar a súa posición profesional —en abril de 1935 pasou a ser profesor auxiliar da Facultade de Filosofía e Letras compostelá⁴⁹—, publicar libros e artigos e, segundo algunha versión, desprazarse en outubro de 1934 a Asturias para comprobar *in situ* o ambiente de axitación revolucionaria. É posible que en agosto de 1934 intentase pedir o ingreso en FE de las JONS, dirixíndose a Ledesma Ramos con ese obxectivo, o que xa non foi posible pola agre relación que nese intre xa existía entre José Antonio Primo de Rivera e Ledesma⁵⁰.

Con todo, Montero mantivo un vencello inquebrantable con Ramiro Ledesma. Este último abandonou a disciplina de FE de las JONS en xaneiro de 1935 e tivo que recoñecer perante o seu antigo correlixionario, cun punto de desacougo, que “fuiste profeta y tenías toda la razón”, polo que propuxo a Montero Díaz colaborar de novo para “ir a unas JONS rigurosamente nacionalistas y obreras”, remesándolle propaganda con ese obxectivo⁵¹. Non obstante, entre 1935 e o primeiro semestre de 1936 Montero Díaz estivo demasiado ocupado coas súas obrigas académicas. Quizais por iso non secundou coa súa pluma as iniciativas postremeiras, fóra de Falange, protagonizadas por Ledesma

Ramos, que resucitou as JONS e editou dous semanarios, *Patria Libre* e *Nuestra Revolución*, revista esta última cuxo único número saíu á rúa o 11 de xullo de 1936⁵² ■

40. *Unidad* 1, decembro 1933. Nel colaboraban o tamén historiador do Mundo Antigo na Universidade Central de Madrid Carmelo Viñas y Mey, e o igualmente historiador da Universidade de Valladolid Eugenio López Aydillo, quen ademais de activo xornalista fora un antigo propagandista do agrarismo.

41. *Programa de Unidad* (extracto), AHUS-AM, Policía de Imprenta n. 814 (novembro de 1933).

42. Carta de S. Montero Díaz a Rodríguez Lapa, 23-XII-1933, p. 53.

43. “Un grave peligro”, *Claridad* 10, 24-II-1934. *Vid.* tamén os varios panfletos antifascistas (*Fascismo jesuítico* e *Fuera Caretas*) editados polas Xuventudes Socialistas compostelás contra Montero Díaz (AHUS-AM 814, Policía de Imprenta, leg. 5/11/1933 e 7/11/1933), así como a resposta de Montero Díaz no panfleto *Repliquemos* (AHUS-AM 814, Policía de Imprenta, leg. 10/11/1933).

44. “Toque de alarma”, *Claridad* 2, 30-XII-1933; *vid.* tamén *A Nosa Terra* 318, 12-XII-1933.

45. Ucelay-Da Cal, E. (2003). *El imperialismo catalán. Prat da Riba, Cambó, D’Ors y la conquista moral de España*, Barcelona: Edhasa, pp. 842-45.

46. Cartas de R. Ledesma Ramos a S. Montero Díaz, s. l., s. f. [febreiro de 1934 e marzo de 1934], en Ledesma Ramos, *Obras*, vol. IV, pp. 522-24.

47. A carta foi publicada polo mesmo Ledesma Ramos no seu *¿Fascismo en España?* (*Obras*, vol. IV, pp. 233-35). *Vid.* tamén F. Gallego (2005), *Ramiro Ledesma Ramos y el fascismo español*, Madrid: Síntesis, pp. 207-10.

48. Castroviejo, J. M.^a “La ruta de José Antonio”.

49. Tomou posesión en abril de 1935, para dar aulas de Historia de España, Xeografía e Historia Antiga, e renovouna en outubro do mesmo ano, ata que cesou para incorporarse á Universidade de Murcia. *Vid.* *Registro de Títulos Administrativos de Catedráticos y Empleados. Libro 3*, AHUS-FU, A. 3897.

50. Carta de Ramiro Ledesma a S. Montero Díaz, s. l., 23-VIII-1934, en Ledesma Ramos, *Obras*, vol. IV, p. 525.

51. Carta de Ramiro Ledesma Ramos a S. Montero Díaz, Bilbao, 15-I-1935, reproducida en Ledesma Ramos, *Obras*, vol. IV, p. 526.

52. Curiosamente, Ledesma Ramos non manifestaba un radical rexeitamento ao Estatuto galego en vías de tramitación, e expresaba máis ben unha actitude favorable a algún tipo de federalismo hispánico e de afirmación da diferenza *rexional* a través dun Estado integrador. Porén, sinalaba a *artificiosidade* da demanda autonomista, polo seu relativo apoio social, e o perigo de que a posición xeográfica de Galicia levase os estatutistas a aventuras perigosas, alusión velada a que o galeguismo se orientase a unha unión con Portugal. *Vid.* “La contenda política y social del momento. Hombres. Ideas. Grupos”, *Nuestra Revolución* 1, 11-VII-1936, p. 5, reproducido en Ledesma Ramos, *Obras*, vol. IV, pp. 498-99.

arrastre sobre persoas de diferentes orixes políticas; e cales foron os ingredientes que máis peso tiveron na xénese da ideoloxía fascista¹.

Un mozo españolista, comunista e rexionalista

Santiago José Montero Díaz naceu en Ferrol en xaneiro de 1911. Fillo dun comerciante, trasladouse sendo un neno coa súa familia, emigrante, a Cuba, onde cursou o primeiro ensino no colexio dos maristas de Cienfuegos. Regresou a Galicia en 1922 para cursar os estudos de ensino medio na Coruña, no Instituto e no Colexio dos Maristas, e en Ferrol, cos Padres Mercedarios. En 1926 acadaba o título de bacharel, e entre ese ano e 1929 cursou a licenciatura de Filosofía e Letras, sección de Historia, na Universidade de Santiago de Compostela, ademais dalgúns materias de Dereito. Brillante estudante e dotado para a oratoria, obtivo a licenciatura de grao en setembro de 1929, e ese mesmo ano foi nomeado profesor axudante de aulas prácticas da Facultade de Filosofía e Letras². A seguir, Santiago Montero Díaz cursou na Universidade Central de Madrid o doutoramento e as materias complementarias do Corpo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos, no que ingresou, mediante oposición, en agosto de 1931. Primeiro foi destinado á Biblioteca Nacional de Madrid, mais ao pouco tempo solicitou traslado para a Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén foi vicepresidente da Sección de Ciencias Históricas do Ateneo de Madrid nos anos 1931 e 1932³.

Ao mesmo tempo que poñía os esteos dunha carreira académica prometedora, Montero Díaz caracterizouse polas súas temperás inquedanzas políticas e culturais. Ao pouco de chegar a Santiago, en novembro de 1926, incorporouse como socio activo ao Seminario de Estudos Galegos (SEG), entidade fundada por iniciativa da intelectualidade galeguista tres anos antes⁴. Aínda non cumprira 17 anos cando a súa pluma empezou a brillar na prensa galega, tanto de Galicia como de Buenos Aires. Combinaba nos seus primeiros escritos unha atención preferente ás cuestións sociais con outros artigos nos que apelaba aos valores espirituais inmanentes das nacións e amosaba un apaixonado españolismo *rexional*, que partía da afervorada identificación co labor de vindicación do pasado de Galicia levada a cabo por filólogos e historiadores, vencellados na mirande parte ao movemento galeguista —as Irmandades da Fala, creadas en 1916, e o propio SEG—, mais que nel non conducía a dubidar en ningún intre da españolidade de Galicia. Pola contra, trataríase dunha forte reafirmación do papel da *rexión* galega nas glorias

patrias *españolas* e, nomeadamente, do vencello de unión que Galicia xogaríase con Hispanoamérica no presente e que lle cabería xogar no futuro a través das súas colectividades de emigrantes distribuídas polo Novo Continente⁵. Ao mesmo tempo, en 1927 Montero Díaz cantaba en galego ao poeta rexionalista e republicano ourensán Manuel Curros Enríquez, exaltando os seus ideais de liberdade e xustiza⁶. E dous anos máis tarde postulaba en tons grandilocuentes que Galicia necesitaba unha xeración de mozos idealistas que estivese comprometida unicamente coa súa terra, traxendo un horizonte confuso mais pleno de vitalismo e acción. Unha xeración que fose máis aló do intelectualismo e da filosofía, e que soubera “dirixirse a la región entera, con un ademán integral de gesto, de palabra, de pensamiento [...]. Que hable de sí misma, de la región, de los problemas tangentes y concretos”⁷.

O aprendiz de historiador xa semellaba abalar entre o terreo do vitalismo irracionalista e o culto á acción, por unha banda, e o *élan* intelectual e racional, pola outra; e a súa obsesión por vindicar o papel e o nome de Galicia convivía, non sen dificultade, co seu afervorado españolismo e hispanoamericanismo, herdanza probabelmente do recordo dos seus anos de primeira mocidade en Cuba. Uníase a iso a admiración por algúns dos teóricos do rexeneracionismo. Paralelamente, Montero comezou a publicar artigos e conferencias en tribunas de esquerda. Así, nunha palestra impartida no Centro Obrero de Cultura de Ferrol en 1928 disertaba sobre un personaxe case descoñecido, o latinista e orientalista aragonés Julio Cejador Frauca. Admiraba nel o seu cosmopolitismo e internacionalismo científico, clamaba contra o esquecemento en que estaba sumida a súa obra e os tentos de apropiación dos seus contributos e descubrimentos por estudiosos doutras nacionalidades, e concluía que, ao erguer a voz para rememorar a figura de Cejador, facíao tamén por deber de patriotismo, co fin de

[...] lanzar una voz de alarma [...] que ojalá pudiese llegar hasta las almas dormidas para hacerles ver que cuando se trata de una gloria nacional, el primer deber está en olvidar las rencillas, en amortiguar los odios, en vencerse a sí mismos para rendir homenaje puro y desinteresado al Genio. Y, con el Genio, a la Patria. Hagamos por ella lo que no hemos hecho por la memoria del genio esclarecido.

Naqueles intres de crises e “brumas en el porvenir”, a maiores, a patria precisaba de unidade e consciencia da súa tradición:

España necesita todos sus valores, unidos, agrupados en su torno, compenetrados para coadyuvar a

un mesmo fin [...]. Esos valores raciales, sea calquiera su natureza, sean valores civís, valores éticos, valores económicos, valores mentales, han de servir para restaurar sobre su sien esa corona que ciñó outros siglos y que los acontecementos arrebataron, desgranando una a una sus perlas y uno a uno apagando sus fulgores.

Mais o renacemento nacional que Montero propugnaba non debía basearse en exércitos ou conquistas, senón en valores cívicos, literarios, científicos e universais, que eran os auténticos paladíns do xenio nacional, incluíndo ao socialista ferrolán Pablo Iglesias:

[...] los altos valores espirituales que forman la cima donde los genios se asientan, donde las almas culminan, donde los hombres tocan a los dioses, y se llaman Goya en el Arte, Marchena en la rebeldía; Pablo Iglesias en el apostolado; Pompeyo Gener en la crítica; Concepción Arenal en la bondad; Cejador en la Ciencia⁸.

Contra finais da década de 1920, Montero Díaz estaba próximo a posicións de esquerda marxista. Primeiro colaborou ocasionalmente cun semanario socialista da súa cidade natal, *El Obrero*, onde publicou algúns artigos de denuncia social. Mais a falla de resposta *activa* dos socialistas produciu nel un rápido desencanto⁹. Daquela decantouse progresivamente polo comunismo. Naquela altura, o Partido Comunista de España (PCE) apenas era en Galicia algo máis que un conxunto de células urbanas pouco coordinadas entre si¹⁰. En xuño de 1931 o ferrolán declaraba non ser “comunista afiliado, aunque espero serlo pronto, sino simpatizante”, e entre o verán e o outono do mesmo ano ingresou formalmente no partido. Malia que, probablemente por estar concentrado na súa carreira académica e os cambios de residencia entre Galicia e Madrid, non desempeñou un papel especialmente senlleiro nas actividades públicas do PCE, Montero fíxose un oco no panorama publicístico e político galego.

Con todo, durante este período non atoparemos nos seus escritos o doutrinarmos marxista de manual propio da maioría dos líderes intermedios do comunismo español daquel momento¹¹. O seu nacionalismo español dende a afirmación rexional —que coqueteaba co galeguismo, pero en ningún momento chegaba a sumarse a el, nin moito menos a afiliarse ás súas organizacións— avíñase mal co discurso típico e tópico da III Internacional. De primeiras, co materialismo histórico marxista. Pois o idealismo hegeliano de Montero, patente na súa visión da Historia e claramente antiprovidencialista, conxugaba coa súa crenza na capacidade dos homes para definir o seu

Montero Díaz combinaba nos seus primeiros escritos unha atención preferente ás cuestións sociais con outros artigos nos que apelaba aos valores espirituais inmanentes das nacións e amosaba un apaixonado españolismo *rexional*

1. Vid. o enfoque modélico de Ph. Burrin (2003), *La dérive fasciste: Doriot, Déat, Bergery 1933-1945*, París: Éditions du Seuil. Igualmente, vid. M. B. Loughlin (2001), “Gustave Hervé’s Transition from Socialism to National Socialism: Another Example of French Fascism”, *Journal of Contemporary History* 36: 1, pp. 5-39, e S. Noiret (1992), *Massimalismo e crisi dello stato liberale: Nicola Bombacci (1879-1924)*, Milán: Franco Angeli, e mais X. M. Núñez Seixas e F. Molina (eds., 2011), *Los heterodoxos de la patria. Derivas de nacionalistas atípicos en la España del siglo XX*, Granada: Comares (no prelo).
2. Expediente académico de Santiago Montero Díaz, Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS), Fondo Universidade, 879/11.
3. Un esbozo biográfico, reivindicativo pero ben informado, de Montero Díaz pódese consultar en E. Nortling (2008 [2002]), *Las JONS revolucionarias. Compañeros de Ramiro Ledesma: los otros jonsistas. Semblanzas y textos*, Molins de Rei: Nueva República, pp. 99-113.
4. Vid. varias referencias en A. Mato Domínguez (2001), *O Seminario de Estudos Galegos*, Sada: Edicións do Castro.
5. Montero Díaz, S. “Nuestra grandeza”, *Vida Gallega*, 20-VII-1927; “Verbo y acción”, *Vida Gallega*, 30-I-1928.
6. Citado por X. Alonso Montero (2007), *Intelectuais marxistas e militantes comunistas en Galicia (1926-2006)*, Vigo: Xerais, p. 78.
7. Montero Díaz, S. “Galicia auténtica”, *Vida Gallega*, 25-VIII-1929.
8. Montero Díaz, S. [1929]. *Hagamos justicia (La obra de Julio Cejador)*. Conferencias, Ferrol: Tip. El Correo Gallego, pp. 23-24.
9. Poucos anos despois, en 1932, Montero Díaz narra que, logo de visitar unha telleira en Ares, escribiu un artigo sobre as duras condicións de traballo alí imperantes “en un semanario socialista de El Ferrol. Yo era entonces muy ingenuo y creía en los semanarios socialistas. La Agrupación se indignó mucho; se publicó el artículo; juraron intervenir y, efectivamente, se callaron, según es su deber”. Vid. Montero Díaz, S., “Notas históricas y actuales sobre el trabajo en Galicia”, *Orto. Revista de Documentación Social* I: 3 (maio, 1932), pp. 146-49 (aquí, p. 148).
10. Santidrián Arias, V. (2002). *Historia do PCE en Galicia, 1920-1968*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
11. Alonso Montero, X. “Escritos marxistas de Santiago Montero Díaz (1930-1933): Noticia e antoloxía”, en id., *Intelectuais*, pp. 76-99.

destino, o peso do continxente e, ao tempo, o papel estelar das personalidades excepcionais, unidas de calidades extraordinarias, que mediante a súa vontade, capacidade de liderado e clarividencia eran quen de encarnar valores universais e de dotar de rumbo a un pobo ou nación, superando os seus intereses individuais e fundíndoos cunha misión transcendente. Eran eses grandes homes os que marcarían o apoxeo dos grandes imperios, dende Macedonia a Roma.

A fe de Montero Díaz en tales valores como motores do devir histórico exprésase claramente nos seus escritos sobre Historia Medieval e Historia Antiga. A carón de traballos de tipo máis académico e empírico, como a análise e a transcripción erudita de coleccións de tumbos medievais, tal a de San Martiño de Xubia —a súa tese de doutoramento—, a verdadeira paixón do historiador ferrolán, que tería continuidade despois de 1939, era a análise e a exaltación empática das grandes personalidades do mundo antigo e medieval; e, nomeadamente, dos construtores de imperios, dende o romano-hispalense Traxano ata o macedonio Alexandre Magno, do mesmo xeito que algúns personaxes excepcionais da época medieval, como o arcebispo compostelán Diego Xelmírez, en quen vía unha vontade de imperio que transcendía os límites da sé compostelá e tiña vocación universal¹². Tamén reivindicou a figura do padre ourensán Benito Jerónimo Feijoo, ao que consideraba o pai do “renacemento galego” e un erudito e polígrafo cuxa proxección transcendía as fronteiras de Galicia¹³. En certa maneira, Montero Díaz sempre expresou as súas teorías políticas de xeito sublimado a través da súa visión da Historia¹⁴.

Marxista, revolucionario e... ¿galeguista? (1930-1932)

A tensión teórica inmanente entre a apelación de Montero Díaz á urxencia purificadora e palinxénica da revolución, e a súa crenza en valores morais e espirituais, así como nos grandes homes como construtores de imperios, tampouco non tardou en aparecer no seu ensaio político. E manifestouse en dúas obras orixinais, e ata certo punto incomprendidas na conxuntura da transición dende a ditadura de Primo de Rivera á II República.

A primeira foi o folleto *Los separatismos*, escrito no verán de 1930, en plena *ditabrandia* do xeneral Berenguer, mais que viu a luz de forma practicamente simultánea á proclamación da II República. Era un folleto atípico: un comunista publicaba un caderno de divulgación na editorial dun masón e anarcosindicalista valenciano, Marín Civera Martínez, posterior partidario do

sector *trentista* da CNT e do Partido Sindicalista de Ángel Pestaña¹⁵. De feito, Montero Díaz consideraba en 1932 que este libro fora superado polos acontecementos, aínda que as súas formulacións teóricas permanecían vixentes no doutrinal e no histórico. En todo caso, nesa obra o comunista ferrolán semellaba querer ultrapasar os seus propios oxímoros. Consideraba así que o *separatismo* (denominación que utilizaba para todo *rexionalismo* cando este daba o salto da cultura á política) conduciría á auténtica integración de España, pois “restituiría a las naciones que integran el solar español sus derechos, sus autonomías administrativas, sus libertades. En una sola palabra: el arbitrio de sus destinos”. A seguir, confiaba en que esas mesmas “naciones españolas” volverían a “unirse, a confederarse, estableciendo la verdadera unidad hispánica, basada en un principio de armonía, no de compacta estructuración; de confederación, no de centralización”.

Debía España, pois, converterse nunha confederación, segundo o modelo da URSS e a autodeterminación bolxevique? Algo semellante. Pois a nova unidade non estaba xustificada polo principio supremo da realización dos ideais revolucionarios e a solidariedade entre as clases obreiras nacionais. Pola contra, a través dese proceso, as nacións españolas atoparían a súa auténtica xerarquía, mediante a unión duns “destinos” que serían subordinados a un “ritmo común de vida”, ao que entón, baixo unha forma federal, podería incorporarse Portugal. Aínda que a continuación tentaba xustificar este aserto cun argumento económico (“nuestras naciones, económicamente, se complementan y se necesitan”), e afirmaba que o proceso había estar subordinado en todo momento á plena garantía da satisfacción dos intereses das clases traballadoras, que non debían caer baixo a dirección hexemónica das “mesocracias” nacionalistas periféricas, semellaba evidente para calquera lector que Montero Díaz era un personaxe *sui generis*, que concluía o seu ensaio apelando á construción en España dunha “gran democracia trabajadora, dueña de sus destinos y dueña de los destinos del Estado”, e que inaugurase unha etapa de paz, xustiza e solidariedade. As etapas “nacionalistas” da Historia de España, como a Idade Media, en que as diferentes nacionalidades integrantes dun mesmo destino floreceron libres, foran épocas de prosperidade. As etapas de imperialismo, acompañado de centralismo, fórono de decadencia. As épocas en que o nacionalismo, auténtica manifestación *natural* da personalidade cultural e histórica dos pobos, se manifestou con pulo levaban a un rexudimento plural da nación española con vontade pacífica de imperio¹⁶.

Montero Díaz parecía estar aínda á procura dun modelo político no que encaixasen os diver-

sos vimbios que o seu discurso manexaba, entre a erudición histórica e a vocación de tribuno. E no que coubesen o vitalismo e a revolución, a xustiza social e o orgullo patriótico máis ou menos plural. Buscaba un suxeito histórico para a súa revolución que fose máis aló do internacionalismo proletario e se conciliase coa arela de rexeneración nacional de España. Nestas atopou o fascismo, do que probabelmente xa tiña máis dunha referencia intelectual. Mussolini, como veremos, foi un personaxe da súa devoción, quizais por ver nel e na súa evolución —de socialista revolucionario, pero *nacional*, a fascista— un espello das súas propias contradicións.

En xuño de 1931, o semanario *La Conquista del Estado*, que nacera tres meses antes inspirado por Ramiro Ledesma Ramos, publicaba unha carta de Santiago Montero Díaz onde este protestaba polas acusacións do incipiente fascista zamorano contra o movemento obreiro, e nomeadamente o comunismo, por ser antinacional. Pola contra, do mesmo xeito que na URSS, o comunismo era o único medio polo que a conciencia social e nacional podería ser levada ás masas. Montero, mesmo considerando “inaceptable la situación política de ustedes”, lembraba que os comunistas eran os maiores patriotas españois naquela altura. E rendía un certo tributo de admiración aos promotores de *La Conquista del Estado*, empresa que consideraba “decorosa y magnífica”, polo seu “programa extraño, pero definido, prendido en violencia y coraje”, e por opoñerse a un mesmo adversario que o comunismo: a “farsa degenerada” da democracia liberal. Por iso animaba aos novos fascistas a unírense aos verdadeiros revolucionarios, para ver quen era “el auténtico salvador de las masas hispanas”. A revolución social non faría perder a España as súas esencia histórica, senón que as potenciaría e modificaría nun proxecto de imperialismo solidario en nome da nova civilización:

Con el comunismo triunfante, España realizará gigantescas misiones nacionales, mucho más altas y enormes que esos sonambulismos imperiales que padecen usted y sus amigos. España realizará en África, con los pueblos atrasados, lo que Rusia en Asia. Y será en Europa lo que hoy Rusia: un foco más de las mejores energías y las más apetezadas reivindicaciones sociales [...]. El comunismo es una verdadera originalidad hispana de hoy, la verdadera inteligencia de nuestro porvenir, la verdadera fidelidad a la patria.

Con todo, Montero Díaz vía algúns elementos aproveitables no fascismo: a “repotenciación nacional”, o anticapitalismo, a “valentía económica” do *Duce* na súa política de nacionaliza-



Santiago Montero Díaz mediados os anos vinte.
Arquivo de Santiago Montero Herreros, Madrid

12. Montero Díaz, S. (1935). “Sobre Trajano: con motivo de un libro reciente”, *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela* VII: 24, pp. 3-18; id., “A propósito de un libro de Marañón”, *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela* VII: 23 (1935), pp. 213-30; id., *Introducción al estudio de la Edad Media universal*, Murcia: Universidad de Murcia, 1936.
13. Montero Díaz, S. (1932). “Las ideas estéticas del padre Feijoo”, *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela* IV: 15, pp. 3-95; id., *Galicia en el padre Feijoo*, Madrid: s. ed., 1931.
14. Cf. “Montero Díaz, Santiago”, en G. Pasamar Alzuría e I. Peiró Martín (2002), *Diccionario Akal de historiadores españoles contemporáneos (1840-1980)*, Madrid: Akal, pp. 422-24. Igualmente, J. Martínez-Pinna, “Santiago Montero Díaz: una aproximación historiográfica”, en V. Alonso Troncoso (ed.) (1997), *Ferrolterra galaico-romana*, Ferrol: Concello de Ferrol, pp. 221-32, e mais A. Duplá Ansuategui, “Santiago Montero Díaz. Un itinerario historiográfico singular”, en Montero Díaz, S. (2004), *De Caliclés a Trajano: estudios sobre historia política del mundo antiguo*, Pamplona: Urgoiti, pp. VII-LXXXIII.
15. Paniagua, P. “Marín Civera y la cultura popular”. Orto (1932-1934)?, estudo preliminar a J. Paniagua (ed.), *Orto (1932-1934)*. *Revista de Documentación Social*, Valencia: UNED Alzira/Biblioteca de Historia Social, 2001, vol. I, pp. xiii-lviii.
16. Montero Díaz, S. (1931). *Los separatismos*, Valencia: Cuadernos de Cultura, (tamén dispoñible en: <http://www.filosofia.org/his/h1931a2.htm>).
17. Montero Díaz, S. “Unha carta a *La Conquista del Estado*”, *La Conquista del Estado* 16, 27-VI-1931.

cións e municipalizacións de servizos, a firmeza en política exterior ou “el arrojo de afrontar el poder de las organizaciones católicas”, que cualificaba de “contenidos novísimos y revolucionarios del fascismo”. O *Duce* era un adversario político, e ao mesmo tempo admirado pola súa altura: “Como comunista, me interesa un balazo para la más refulgente condecoración del nuevo César”. E declaraba ademais a súa simpatía por Mussolini, por inxectar “nuevas savias históricas” en Italia, “haber elevado la temperatura nacional de su patria” e por dar un “gran paso revolucionario, que pronto tomará direcciones insospechadas para el mismo Mussolini”. Entre o fascismo e a democracia liberal, representada polas “adoratrices políticas” do, ao seu xuízo, timorato Goberno republicano-socialista da recentemente nada República española, o historiador ferrolán afirmaba non ter dúbidas: un mundo novo, no que o interese colectivo e comunitario primaba, pedía paso¹⁷.

Ese inicial escarceo uniuse ás crecentes decepcións do mozo ferrolán coa causa da autonomía de Galicia e, en particular, co nacionalismo galego. Un primeiro aviso chegou en agosto de 1931. Montero Díaz, naquel momento aínda residente en Madrid, acudiu no restaurante *La Bombilla* a un banquete en homenaxe aos deputados nacionalistas galegos (Castelao, Antón Villar Ponte, Otero Pedrayo e Suárez Picallo) nas Cortes Constituíntes, no que participaron numerosos representantes da colonia galega na capital española. O ton, ao seu xuízo, antiespañol dalgúns dos oradores levouno a improvisar un discurso —que pronunciou, de forma provocadora, en castelán, malia as protestas do público— no que salientaba a idea de que Galicia só triunfara no mundo estando unida a España, pois constituía con Castela a súa propia esencia, dende os tempos do auxe das peregrinacións medievais e do arcebispo Xelmírez. Por iso aborrecía de calquera “separatismo divisionista” e clamaba por que Galicia realizase un ideal celta e latino asemade, “gallardía romana y serenidad celta [...] como buenos hermanos de los griegos eternos”, polo que só no seo de España acadaría unha proxección universal, nun intre ademais en que en toda Europa agromaban nacionalismos con vocación imperial, dende o “hitlerismo cercano al poder” ao “nacionalismo colonial en Francia”. Galicia, pois, debía aspirar a un maior “cosmopolitismo espiritual” e a elaborar unha cultura alicerzada en valores universais, para o que puña como exemplo a arte de Castelao —unha figura pola que sempre sentiu fondo respecto—, e afirmaba que non eran uns territorios os que oprimían a outros, senón que eran as clases posuidoras as que aferrollaban as clases desposuídas. Castela estaba tan oprimida

como Galicia, razón pola que se declaraba partidario dunha federación de repúblicas hispánicas, mais que non fose unha “federación a base de nacionalismos reaccionarios, clericales y burgueses”, que manterían incólume a opresión de clase nos seus territorios e o poder “fascitzante” do Estado central¹⁸. Nunha entrevista publicada nunha revista galega de Madrid, Montero Díaz reafirmábase naqueles postulados, e engadía, para sorpresa do seu interlocutor, que o seu credo político era “precisamente, la consagración de las nacionalidades. De todas. Pero de las nacionalidades salvadas como modalidades populares, sin fronteras imperialistas”¹⁹.

O segundo libro orixinal do aínda comunista Montero non se fixo esperar. En 1932 saíu do prelo a súa derradeira obra de contido doutrinal dende unha perspectiva marxista, outravolta nos *Cuadernos de Cultura* de Marín Civera, sobre o fascismo. De primeiras, a interpretación do fascismo parecía ortodoxa, mesmo canónica: “un nuevo ensayo de concepción del estado burgués para sostener contra el proletariado un predominio de clase”, máis intelixente que os “despotismos antiguos y más audaz que las contradictorias repúblicas demoliberales”. Mediante unha minuciosa análise das condicións polas que o fascismo mussoliniano accedeu ao poder en Italia, Montero Díaz diseccionaba o corpus ideolóxico e institucional do fascismo, e analizaba a estratexia do líder italiano para asumir o poder, traizoando os seus compoñentes sindicalistas e asumindo unha alianza coa burguesía que o levaba a desdicirse das promesas revolucionarias iniciais.

Neste senso, o ferrolán captaba acaidamente, a diferenza de moitos tratadistas —marxistas e non marxistas— do seu tempo, as orixes revolucionarias e esquerdistas do fascismo. Hitler non sería máis que un imitador de Mussolini, de cuxo éxito final dubidaba. Réximes ditatoriais, como o de Primo de Rivera, o polaco Pilsudski ou o portugués Carmona, serían “tipos de gobierno desprovistos de la novedad del fascismo”. Sobre España, o historiador ferrolán concluía que só era digna de salientar a empresa de *La Conquista del Estado*, unha “peña de intelectuales” e de “jóvenes de talento” que imitaban todos os compoñentes do fascismo (“nacionalismo, supremacía del Estado, corporatismo, culto a la patria”), mais sen práctica da violencia para conquistar o poder. Con todo, negaba que a disxuntiva naquela altura fose fascismo ou comunismo. O fascismo só conseguiría atrasar o triunfo final da auténtica revolución, encarnada polo comunismo, e da URSS copiara Mussolini algunha das políticas e medidas máis eficaces do Estado fascista. O futuro sería do comunismo, pois a Europa proletaria tomara nota da experiencia fascista, último bas-



A Coruña, 1940, desfile falanxista no cabodano da morte de José Antonio Primo de Rivera. Proxecto “Nomes e voces”. Fondo Dionisio Pereira

tión do dominio dunha burguesía condenada á súa desaparición histórica nun futuro próximo. E malia a “sagacidad organizativa” do partido fascista e o “agudas” que foran as “enseñanzas extraídas de los hechos revolucionarios”, a Italia de Mussolini non lograra sobardar “las contradicciones internas del Estado”. Aquela non encarnaba unha auténtica revolución na medida en que defendía os intereses, en última instancia, dunha burguesía agónica²⁰.

Montero Díaz xa era case un fascista, sen ser aínda consciente diso. Ledesma Ramos afirmaba en 1935 que intuía xa en 1931, co gallo da carta dirixida a *La Conquista del Estado*, que o ferrolán, malia que o ignorase, era un nacionalsindicalista ao seu pesar. Ledesma advertira deseguida que o comunismo do historiador era peculiar, “lleno de resonancias y apetencias nada bolcheviques”, e que tras a súa carta se agachaba “la verdadera y profunda filiación de Montero Díaz, en quien la posición comunista obedecía a una sugestión falsa”. Pois a epístola revelaría xa “lo que en realidad era Montero”, isto é: “un patriota revolucionario, un subversivo contra el desorden nacional y la poquedad española, es decir, un nacional-sindicalista”²¹.

Poucas dúbidas hai sobre que o historiador ferrolán coñecía extraordinariamente ben ao que entón consideraba o seu inimigo. Diseccionáao e procurara as súas contradicións, lonxe das fra-

O segundo libro orixinal do aínda comunista Montero non se fixo esperar. En 1932 saíu do prelo a súa derradeira obra de contido doutrinal dende unha perspectiva marxista, outravolta nos *Cuadernos de Cultura* de Marín Civera, sobre o fascismo

18. ABC, 4-VIII-1931; Alma Gallega 1, setembro 1931.

19. “Nuestras interviús”, Alma Gallega 1, setembro 1931.

20. Montero Díaz, S. (1932). *Fascismo*, Valencia: Cadernos de Cultura, (tamén dispoñible en: <http://www.filosofia.org/his/h1932a1.htm>).

21. Ledesma Ramos, R. *¿Fascismo en España?* [1935], en id., *Obras completas*, Molins de Rei: Eds. Nueva República, 2004, vol. IV, pp. 212-13.

Montero Díaz consideraba que o galeguismo católico “a lo Otero Pedrayo y Risco”, ademais das dereitas republicanas, os radicais e os “caciques casaristas, substitutos de los caciques bugallalianos”, non eran senón expresións do sentimento reaccionario da pequena burguesía galega

ses feitas ao uso dos textos comunistas e da publicación antimarxista da súa época. Porén, o que agora si soaba a xaculatoria un tanto baleira eran as súas solucións: pois ás limitacións burguesas do fascismo, Montero respondía a maioría das veces con consignas e frases feitas, e un escaso coñecemento da URSS. Logo de analizar a política fascista de mocidade polo miúdo, só era quen de opor como modelo alternativo, nunha somera liña, ás organizacións soviéticas de pioneiros. E o mesmo acontecía á hora de expor as medidas económicas e sociais do fascismo.

A maiores, non era o nacionalismo o elemento que realmente criticaba na Italia mussoliniana, senón a súa carencia de auténtico sentido popular e obreiro. Pois nacionalismo español, en Montero, había a mancheas. Nunha glosa do libro de viaxe do escritor soviético Ilya Ehrenburg (*España, república de traballadores*), publicada en maio de 1932, o ferrolán apreciaba naquel unha apoloxía das virtudes tradicionais hispánicas (laboriosidade, xenerosidade, dignidade...), que confirmaban a súa crenza en que “si España es algo, lo es a pesar de república y de monarquía”. Pois España non era só a República. Xa que logo, a apoloxía do pobo español, depositario das virtudes da nación inmortal, corría paralela á denuncia da burguesía “y sus lacayos”. A consecuencia só podía ser unha: a revolución socialista contribuiría ao engrandecemento de España:

España será una magna nación edificadora cuando logre romper la costra capitalista que la inutiliza, y respirar a pleno pulmón el aire de la historia, transformada en una España proletaria, constructiva, triunfante.

Ao tempo, esa revolución tamén implicaría o renacemento de Galicia, cuxa situación de postración e abandono por parte do poder central remataría cando o labrego non emigrase, “creyendo que su salvación está en dejar de ser esclavo en el Cebreiro para serlo en Tucumán o en Matanzas”, senón cando se ocupase en canalizar a súa rebeldía e as súas potencialidades: “concentrando sus energías. Concentrándolas en las células revolucionarias campesinas. Pero no para emigrar, sino para hacer la revolución”²². Postulado este último no que insistía nunha palestra pronunciada polas

mesmas datas na Universidade compostelá, convidado pola Federación Universitaria Escolar (FUE): o problema agrario galego só se resolvería mediante a súa inserción nunha táctica revolucionaria dirixida polo proletariado consciente e organizado das cidades, no marco das solucións fornecidas pola III Internacional, e que non pasase por unha repartición da propiedade, senón polo postulado de que a terra era para quen a traballase, e non se debían pagar nin foros nin impostos ao Estado. Aínda que seguía en boa parte o diagnóstico trazado anos antes polo teórico galeguista Vicente Risco, afastábase del nas solucións²³. Montero Díaz consideraba que o galeguismo católico “a lo Otero Pedrayo y Risco”, ademais das dereitas republicanas, os radicais e os “caciques casaristas, substitutos de los caciques bugallalianos”, non eran senón expresións do sentimento reaccionario da pequena burguesía galega. Esta última carecía de “conciencia revolucionaria de clase contra la gran burguesía”, por ser Galicia un país de pequenos propietarios rurais, aínda que empobrecidos. Pola contra, a súa conciencia de clase “reaccionaria” só tiña un inimigo: o proletariado, representado en Galicia por labregos míseros e obreiros de pequenas industrias rurais e urbanas cuxa opresión e pobreza serían equiparables á sufrida pola clase obreira industrial doutras zonas de España²⁴.

A decepción do historiador coa política galega, coa causa da autonomía e co nacionalismo galego seguiu o seu curso. Ao longo da segunda metade de 1932, Montero Díaz participou nos labores da Comisión Redactora do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia, constituída a proposta da asemblea preparatoria que, reunindo ás “forzas vivas”, representantes municipais e políticos galegos, se reuniu o día 3 de xullo de 1932. A inclusión do nome de Montero Díaz, talvez a proposta do presidente da Mesa da Asemblea, o socialista e galeguista tamén ferrolán Xaime Quintanilla, quizais obedecese, ademais de a un criterio *técnico*, ao desexo de Quintanilla de que figurase na Comisión quen apuntaba alto como novo valor da esquerda galega, aínda que só fixese parte dela en calidade de arquivista e bibliotecario da universidade compostelá²⁵.

O 4 de setembro deuse a coñecer publicamente o anteproxecto da Comisión, coa sinatura,

entre outros, de Montero Díaz. Porén, incluía un voto particular deste aos artigos 4 e 15 do anteproxecto, que declaraban cooficiais o galego e o castelán e regulaban as cuestións relativas ao ensino. Nas emendas de Montero incluíase o recoñecemento do dereito dos cidadáns a expresárense en galego perante as autoridades e máis o deber dos funcionarios actuantes en Galicia de coñecer o idioma do país. Non obstante, propuña que o castelán debía ser a única lingua da administración nas súas relacións internas dentro de Galicia, así como o idioma oficial da ensinanza. A lingua galega sería materia nas escolas primarias, e nos establecementos de ensino secundario e universitario habíanse crear cátedras de idioma e de cultura galega, que impartirían materias que serían potestativas para os alumnos. Uníase a iso a preservación do carácter estatal dos arquivos, bibliotecas e museos xa existentes, e outras cuestións de detalle²⁶. Eran postulados, polo demais, algo máis restritivos na súa concreción que os que expresara, a finais de 1931 ou comezos de 1932, na súa resposta ao cuestionario sobre o proxecto de Universidade vasca que difundira a Agrupación de Cultura Vasca de Madrid. Segundo Montero, o ensino do eúskaro e da cultura vasca debía introducirse na universidade con materias en *vascuence* obrigatorias para todos. Así incorporárase o *vasquismo* á causa común do nacionalismo español: “urge agregar a las fuerzas morales y a las intelectuales de la hispanidad esa alta capacidad de los vascos, dispersa por no tener un haz”. A cultura vasca tería un senso na medida en que descubriese canto de universal e xenérico había nela: “Si hay una nacionalidad vasca es porque hay una conciencia vasca. Tratad, pues, en vasco —en espíritu vasco— los temas universales”. A universidade, ademais de abrirse aos campesiños e aos obreiros, debía atopar unha misión universal, e incorporar ao País Vasco a esa causa²⁷.

Entre o 17 e o 19 de decembro de 1932, xa destinado en Santiago de Compostela, Montero participou, en calidade de “delegado técnico” e sen representar a ningunha institución ou forza política, na Asemblea de Concellos galegos celebrada naquela cidade, que había de sancionar o anteproxecto de Estatuto. Na defensa pública do seu voto particular, argumentaba que os cidadáns galegos eran bilingües por natureza; consideraba o castelán un idioma tan propio de Galicia como o galego; e distinguía entre, dunha banda, a conveniencia de que o galego —lingua que, con todo, consideraba en decadencia e superada polo maior pulo do castelán, grazas á súa meirande difusión— fose coñecido por todos, incluídas as clases reitoras da futura rexión autónoma, e doutra banda a obriga da súa oficialidade administrativa, aínda que deixaba a porta aberta á introdución do galego no ensino.

O ferrolán manifestábase partidario da consagración dunha “España mucho más fuerte” a través da “consagración del espíritu de las regiones”; máis o castelán debía conservar o rango de único idioma oficial, pois só existía un Estado (o español), e xa que logo só podía rexer unha lingua de uso administrativo e lexislativo (o castelán). Nun dos máis soados debates da asemblea, Montero Díaz enfrontouse dialecticamente co galeguista Alexandre Bóveda, quen impuxo o seu parecer. A consecuente perrencha do ferrolán, pois consideraba que o artigo 4 era un mal de consecuencias imprevisibles para Galicia e España, levouno a abandonar a sesión, malia os tentos dos demais asistentes para que permanecese na asemblea²⁸.

Coa súa deserción do autonomismo, Montero Díaz selou por varios lustros a súa relación de amor e odio co nacionalismo galego, no que quixera ver a semente dun destino imperial, cosmopolita e hispánico que non atopaba nos seus promotores. Pois aínda que a súa posición contraria ao bilingüismo o fixo merecente do epíteto de centralista e representativo antigaleguista, o certo era que o papel reservado nas súas emendas ao idioma do país era maior que nas presentadas por outros particulares e institucións, dende o voto particular expresado polo tamén membro da comisión redactora, o veterano agrarista e rexionalista Rodrigo Sanz, a varias das emendas presentadas por particulares e institucións afastadas do galeguismo.

A conversión fascista

Pouco despois, en febreiro de 1933, Montero Díaz foi pensionado pola Universidade de Santiago de Compostela para realizar en Berlín estudos de Metodoloxía, Filosofía e Teoría da Historia, baixo a supervisión do veterano medievalista da Universidade de Berlín Erich Caspar e do

22. Montero Díaz, S. “Ereburg y Galicia”, *Yunque* 4, 1-V-1932, p. 1.

23. *Vid.* o resumo da palestra en “Unha conferencia encol do noso problema campesino”, *Nós* 101, 15-V-1932, reproducida en X. Alonso Montero, *Intelectuais*, pp. 87-88.

24. Montero Díaz, “Notas históricas”, *op. cit.*

25. *Vid.* a acta da asemblea en B. Cores Trasmonte (1998), *O Estatuto de Autonomía de Galicia (1932-1936). Os documentos oficiais*, Santiago de Compostela: FOESGA, pp. 75-80.

26. *Vid.* o texto das emendas en Cores Trasmonte, *O Estatuto*, pp. 155-58.

27. *Vid.* *La Universidad Vasca (Opiniones recogidas por la Agrupación de Cultura Vasca)*, Madrid: s. ed. [Gráficas Diana], 1932, pp. 82-87.

28. Unha transcripción do debate, celebrado o 18 de decembro de 1932, en U. B. Diéguez Cequiel (2002), *A Asemblea de Concellos de Galiza Pro-Estatuto*, Pontevedra: Fundación Alexandre Bóveda, pp. 48-54.

romanista Ernst Gamillscheg²⁹. A opción por Alemaña parecía ser, así e todo, máis académica que política. O ferrolán posuía xa un certo coñecemento do idioma alemán, como boa parte dos mozos académicos españois do seu tempo; e ademais de Hegel contaba entre os seus filósofos de cabeceira a Max Scheler (1874-1928), un dos seguidores, xunto con Heidegger, da fenomenoloxía, do que sen dúbida tomou a fundamentación personalista da ética, principio segundo o cal os valores só se concretan en modelos humanos que invitan á súa imitación, entre os que estaría o heroe para os valores vitais, o xenio para os espirituais e o santo para os relixiosos. Scheler, con todo, renegara do nazismo e advertiu do perigo que este movemento entrañaba pouco antes da súa morte.

O ferrolán tiña un notable coñecemento, para a súa idade, da cultura alemá. Por esas datas, aínda que saíu publicado en sucesivas entregas case un ano despois, Montero Díaz redactaba un documentado ensaio sobre a novela alemá da I Guerra Mundial, no que abxuraba da socialdemocracia e desexaba a fusión do espírito heroico do proletariado cunha causa internacionalista, como encarnaba o Exército Vermello da URSS, fronte ao falso patriotismo burgués que desviara os combatentes alemáns en 1914-18 do seu verdadeiro obxectivo³⁰. Non semella, con todo, que a súa inclinación cultural xermanófila o levase a ler con profusión os teóricos do nacionalsocialismo, comezando por Hitler.

Apenas coñecemos detalles da estada berlinesa de Montero Díaz. A súa presenza coincidiu cos primeiros meses triunfais do nacionalsocialismo e a súa progresiva conquista de todo o poder —aínda que o ferrolán solicitara a bolsa en decembro de 1932, antes do acceso de Hitler á chancelería o mes seguinte—, así como coas primeiras medidas legais discriminatorias contra os xudeus e queima de libros do 10 de maio de 1933; e con mostras de adhesión ao réxime de senlleiros historiadores alemáns da Idade Antiga³¹. Estando en Berlín, Ramiro Ledesma Ramos xa tiña contacto co ferrolán, ao que escribiu cara a marzo de 1933 para solicitarlle unha colaboración para a revista *JONS*, cuxo primeiro número se publicou en maio. Aínda que o órgano sería unha revista “cerrada, de partido”, continuaba Ledesma, “nos consta tu rigurosa coincidencia con nosotros”, o que indicaba que Montero Díaz aínda non facía parte da organización³². É difícil avaliar ata que punto a contemplación *in situ* dos primeiros pasos no poder do nacionalsocialismo influíu na decantación política de Montero Díaz polo fascismo. Probabelmente, a conversión fose previa á súa viaxe a Berlín, e na capital alemá non captase gran cousa do ambiente. De feito, nunha

carta posterior a Manuel Rodrigues Lapa posterior, en decembro de 1933, o ferrolán resumía o período berlinés en termos pouco entusiastas: “Estuve en Alemania donde trabajé algo y procuré marcharme cuanto antes, porque me aburría mortalmente aquella gente”³³.

Influído ou non polo que puido contemplar no nacente III Reich, o certo foi que á volta, entre setembro e outubro de 1933, Montero Díaz xa estaba plenamente convertido ao credo fascista. Afiliouse daquela ás Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista (JONS), de Ramiro Ledesma Ramos e Onésimo Redondo, fundadas en outubro de 1931, e na que xa militaban outros dous intelectuais galegos mozos: o licenciado en Filosofía, formado en Freiburg im Breisgau con Heidegger, alumno de Ortega y Gasset e posteriormente catedrático de ensino medio, ademais de teorizador dunha sorte de fascismo campesiño, Manuel Souto Vilas (1903-1975), vástago dun clan caciquil conservador de Arzúa (A Coruña); e mais o historiador americanista formado en Suecia e Berlín Ramón Iglesia Parga (1905-1948), colaborador de *La Gaceta Literaria* e de *La Conquista del Estado*, cuxo manifesto fundacional tamén asinou, aínda que aos poucos meses abandonou o grupo³⁴. De entre eles, foi Montero Díaz quen se converteu nos meses seguintes no principal líder galego das JONS, ás que conferiu certo impulso organizativo dende a posición de profesor universitario.

A organización *jonsista* apenas contaba nese tempo con outro grupo na cidade da Coruña, integrado por estudantes da Escola de Comercio, e algúns núcleos illados ao redor de estudantes que importaron o novo ideario fascista dende Madrid³⁵. Pero Montero facíase notar, e adquiriu un certo perfil público pola súa afervoadada prédica antiestatutista, envolvida nunha brillante oratoria. Nunha palestra pronunciada en outubro de 1933 no Centro *Hijos de Vigo* da cidade olívica, na que expuxo a súa posición radicalmente contraria ao Estatuto galego, foi obxecto dun sonoro boicot protagonizado por varios rapaces galeguistas, que interromperon a súa conferencia ao berro de “Morra España!”³⁶

En decembro de 1933 Montero Díaz publicou na revista doutrinal *JONS* un ensaio, probablemente o enviado meses atrás dende Berlín a pedido de Ledesma Ramos, no que detallaba a súa aspiración á conxunción entre nacionalismo (español) e socialismo. A tese central non era orixinal, pois era a canónica que se podía agardar dun auténtico fascista: a nación debía converterse en suxeito da revolución, e só un Estado forte que encarnase a aquela podía integrar as masas obreiras a través dun Estado corporativo. A nación tiña agora que ser unitaria na súa

estruturación territorial, opóndose ás tendencias disgregadoras dirixidas pola “plutocracia española, materialista como el marxismo, artera como el marxismo, internacional en sus intereses como el marxismo”, cuxo obxectivo só sería disolver a patria, empobrecer as masas obreiras e campesiñas e esnaquizar a “frente nacional de la revolución”. O *separatismo*, como escribira tres anos antes, era o resultado teleolóxico dunha primeira fase de rexionalismo cultural. Por iso, cumpría tamén renegar do cultivo de culturas e linguas distintas do castelán, pois levaban consigo, en última instancia, a semente da disgregación. A nación había ser agora homoxénea na súa configuración cultural, mediante a forxa dunha “cultura hispánica” exportable a Iberoamérica e que debía ser “común y totalitaria”, imposta ás demais culturas peninsulares, “Rigurosamente. Con inflexibilidad absoluta. Elaborando un plan universitario de revalorización de la cultura española, e imponiéndolo por gual a todas las regiones”³⁷. A desconfianza na pluralidade abalaba agora cara a unha sorte de xacobinismo imperial.

A nación de Montero Díaz, e nisto seguía a Ledesma, era fundamente laica. O seu concepto de qué era a nación española, non sempre explicitado de forma coherente, resumíase na interacción de tres variables: espírito (*Volksgeist*), territorio e poboación. España era unha “unidad de pasado y porvenir, ecuación de tradición y de presente”, feita dun pasado histórico, mais tamén dotada de características tanxibles, que lle outorgaban concreción no espazo ademais de no tempo. E, resaibo quizais da súa etapa comunista, esa concreción expresábase no *pobo*, concepto este pouco grato ao falanxismo (“una España que trabaja, lucha, sufre, canta o ríe en el afán de cada día”), e que permitía realizar o espírito nacional no territorio. En ningún caso entraba nesa ecuación como compoñente substantivo a relixión católica. O laicismo de Montero era aínda máis radical que o de Ledesma Ramos, e limitábase a sinalar como parte do espírito forxado pola tradición a personaxes como santo Isidoro de Sevilla. Con todo, si consideraba que o cristianismo constituía unha forma superior de civilización, sucesora da grecorromana³⁸.

Polas mesmas datas, en decembro de 1933, Montero Díaz conseguiu organizar un grupo *jonsista* en Santiago de Compostela, integrado presumiblemente por algúns estudantes universitarios e docentes igualmente novos, como o antigo *xaimista* e tamén exmilitante da FUE José María Castroviejo y Blanco-Cicerón (1909-1983), que se convertera ao fascismo antes que Montero, pois a comezos do ano xa facía parte do núcleo de seguidores de Ledesma Ramos en Madrid³⁹. O ferrolán

29. “Fue pensionado al extranjero Santiago Montero Díaz”, *El Compostelano*, 19-II-1933. Na súa instancia ao decano da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, datada o 4 de decembro de 1932, Montero Díaz afirmaba querer seguir cursos de Ciencia e Teoría da Historia e da Relixión co medievalista e historiador cultural Kurt Breysig (1866-1940), que se xubilou xusto en 1933; o especialista en Historia de Rusia Karl Stählin (1865-1939), e mais o historiador das relixións antigas Ludwig Deubner (1877-1946), así como “completar las investigaciones realizadas en España sobre orígenes del monacato español y estudiar organización de bibliotecas y archivos en Alemania” (AHUS, FU, 879/11).

30. Montero Díaz, S. “Estudio social sobre la novela alemana de la guerra?”, *Orto* 14 (abril, 1933), pp. 440-44; 15 (agosto, 1933), pp. 1009-10, e 16 (setembro, 1933), pp. 1066-68.

31. *Vid.* Duplá, “Santiago Montero Díaz”, p. xviii.

32. Carta de Ramiro Ledesma Ramos a S. Montero Díaz, s. f., en Ledesma Ramos, *Obra completa*, vol. IV, p. 520.

33. Carta de S. Montero Díaz a M. Rodríguez Lapa, Santiago de Compostela, 23-XII-1933, en M.^a A. Marques *et al.* (eds.), *Correspondencia de Rodríguez Lapa: selección (1929-1985)*, Coimbra: Minerva, 1997, pp. 52- 53.

34. Iglesia-Lesteiro, M.^a F. “Mi padre, Ramón Iglesia (un historiador de la Generación del 27)” e G. San Juan, “Manuel Souto Vilas en mi recuerdo”, en R. Álvarez e D. Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela: USC, 1999, vol. 1, pp. 1243-73 e 1349-66. Outro estudante galego que asinou o manifesto de *La Conquista del Estado* foi Alexandre M. Raimúndez, administrador e redactor de temas económicos do xornal, que ao pouco tempo abandonou os seus contactos co fascismo, achegándose ao Partido Radical, e máis tarde converteuse en catedrático da Escola de Comercio de Barcelona, de onde fuxiu a Londres en plena guerra civil —quizais para evitar que a súa breve fase fascista fose descuberta e lle custase a vida—. Na posguerra achegouse ao galeguismo dende a súa residencia en Londres, onde foi o promotor dos programas en galego que se emitiron na BBC entre 1947 e 1956. Faleceu en Inglaterra a finais da década de 1960.

35. Moure Mariño, L. (1939). *Galicia en la guerra*, Madrid: Ediciones Españolas, pp. 200-01. Igualmente, M. García Venero (1967), *La Falange en la Guerra de España: la Unificación y Hedilla*, París: Ruedo Ibérico, pp. 143-44, e X. H. Acuña, “Xoán Canalejo e a cultura da violencia”, *A Nosa Terra*, 20-X-2005 (tamén dispoñible en: <http://www.anosaterra.org/nova/xoan-canalejo-e-o-culto-a-violencia.html>).

36. *La Voz de Galicia*, 20-X-1933.

37. Montero Díaz, S. “Esquema de doctrina unitaria”, *JONS* 7 (decembro, 1933), pp. 296-304.

38. Montero Díaz, S. (1945). *En presencia de la muerte*, Madrid: s. ed., reproducido en Montero Díaz, S. (2008). *Tres conferencias*, Sevilla: Nueva Aurora, pp. 212-13. Montero citaba nesta palestra un texto seu de “hace varios años”, que non puidemos localizar, mais que en todo caso encaixaba ben coa súa fase *jonsista*.

39. Castroviejo, J. M.^a “La ruta de José Antonio”, *El Pueblo Gallego*, 20-XI-1938. José María Castroviejo, outro personaxe peculiar do *jonsismo* galego, tamén colaborara de forma ocasional na revista *Nós: vid. id.*, “Noroeste”, *Nós* 13: 91 (1931).

era membro do triunvirato dirixente das JONS galegas, daquela apenas un grupo na Coruña, outro en Ferrol e outro en Santiago de Compostela; e xunto con algúns intelectuais antiautonomistas promoveu a aparición dun semanario, *Unidad*, do que só chegou a aparecer un número.

Unidad era, en esencia, un órgano de expresión dun españolismo reactivo, máis que fascista, no doutrinal, e limitábase a denunciar a confabulación caciquil e separatista que estaría na orixe da aspiración a un poder galego autónomo. Baixo o lema “España Una. Grande. Libre”, afirmaba que “los gallegos somos los españoles de Galicia”, e procuraba atacar ao Estado de Autonomía con argumentos en parte esencialistas e debedores da cosmovisión do nacionalismo tradicionalista español (o “escisionismo separatista” como instrumento de turbias finalidades estranxeiras, “matriz de traición y fuente de infamia”), e en parte de natureza socioeconómica, que naquel intre facían parte do repertorio de boa parte da esquerda obreira, como que a autonomía se convertería nun novo instrumento para a dominación do proletariado e o campesiñado por parte dunha “minoría hambrienta, desleal y mediocre”. Xa non aludía á dominación de clase, mais si á “esclavitud económica del obrero y el campesino”⁴⁰. Un tema este reiterado nos escasos panfletos e propaganda escrita que a JONS compostelá distribuíu nos ambientes universitarios de Santiago de Compostela. A unidade da patria era un principio supremo que implicaba a “unidad política de la nación; unidad social de los españoles; unidad moral del pueblo”. Sen concesións ao pluralismo interno. Todas as rexións de España debían estar agora “soldadas en un haz potentísimo, tuteladas bajo el mismo estado de autoridad inmensa, administradas por iguales normas, regidas por las mismas leyes, amparadas por el mismo poder”, sen influencias “extranjerezas” e afastadas da “gangrena mortal” da loita de clases, xunguidas por un “culto sin límites a los valores del espíritu, y a los eternos valores de la patria”⁴¹. Montero Díaz recoñecía que todos os artigos sen sinatura do xornal eran redactados por el, e así mesmo que “la nueva Galicia se pone en pie con el brazo alzado hacia nuestra España imperial y eterna”⁴².

A aventura de *Unidad*, un dos catro órganos de prensa fóra de Madrid de que dispuxo a organización *jonsista*, foi moi breve. Ao pouco da súa aparición, a imprenta onde se editaba foi asaltada e saqueada por militantes galeguistas e de esquerda. Despois da experiencia pouco grata do seu bautismo de lume no activismo político (e non só intelectual) fascista, Montero Díaz retirouse a un plano máis discreto. Aínda tentou atraer as esquerdas mediante algúns panfletos nos que

defendía o carácter nididamente revolucionario do nacionalsindicalismo⁴³. Mais a prensa galeguista e de esquerda continuou a denunciar o “tacto jesuítico” de Montero Díaz e mais o seu labor constante de “envenenar a los nuevos estudiantes de Universidad e Instituto con sus prédicas [...]. Jovencitos que apenas saben leer, hablan enfáticamente del Estado corporativo, de la Unidad hispánica, de haces de flechas”⁴⁴. O ferrolán era contemplado como un perigo incipiente, e atribuíaselle a fundación de “varias centurias” *jonsistas* en Galicia. Con todo, os seus oponentes tamén alcumaron o dilettante fascista universitario como *el niño de la biblioteca*, pondo en evidencia o seu máis ben escaso xorne escuadrista.

En todo caso, se na Falange de preguerra, e nomeadamente nas JONS, aniñaba unha sorte de pluralismo rexional de ton imperial hispánico, considerado como un lévedo preciso da unidade⁴⁵, en Montero Díaz a afirmación máis xenuína dese pluralismo corresponde á súa confusa etapa prefascista. Pois a confrontación co nacionalismo galego levouno, durante un tempo, a acentuar un nacionalismo español puramente reactivo, tendencialmente castelanista e laminador agora de toda diferenza cultural por desconfianza cara ao *separatismo*. A mensaxe era agora moi diferente: se non se podía contar cos nacionalistas subestatais, comezando polos galegos, para a consecución dunha pluralidade hispánica no imperial, mellor era abeiralos e homoxeneizar España na procura da unidade.

Emporiso, a fase proselitista de Montero Díaz foi curta. Cando en marzo de 1934 se materializou a unificación orgánica das JONS con Falange Española (FE), o ferrolán negouse a incorporarse á nova organización resultante, FE de las JONS, e a facer parte do triunvirato dirixente en Galicia, como se acordara entre Ramiro Ledesma e José Antonio Primo de Rivera. Ledesma era da opinión de que a fusión era precisa “en nombre de la eficacia a que obliga el ataque marxista”⁴⁶. Ao non poder asistir en persoa ao Consello Nacional das JONS no que se debaterían as diferentes alternativas de fusión con FE, celebrado os días 11 e 12 de marzo de 1934, Montero Díaz notificou a súa renuncia en circular a todos os *jonsistas* galegos e ao propio Ledesma Ramos, ao que declaraba lealdade incondicional se decidía reemprender o camiño do fascismo revolucionario no futuro. Falange sería un partido de esencia dereitista e afastado do auténtico sentir da “revolución nacional” que pretendían as JONS, cuxa misión principal estribaba en presentar a loita contra o marxismo no plano da “rivalidad revolucionaria”. E só se o zamorano decidía “recobrar la independencia del movimiento o crear uno nuevo bajo las mismas orientaciones que las pri-

mitivas JONS”, declarábase Montero disposto a abandonar o voluntario retiro da acción política. O tento de Ledesma Ramos por atraer o ferrolán á súa estratexia de “puro oportunismo” que evitase a “infecundidad, heroica si quieres”, e por situar a Montero Díaz á fronte da organización fascista fusionada en Galicia non tivo efecto ningún. Montero negouse a falar en persoa co líder das JONS e demitiu por carta⁴⁷. Con el foise tamén algún outro *jonsista* da organización galega, como o seu amigo Ramón Iglesia Parga, igualmente membro do Corpo de Arquiveiros e Bibliotecarios, quen seguiu en diante un camiño moi diferente: pouco máis tarde sumárase á órbita do PCE e acabou exiliándose en México en 1939. Outros, como Castroviejo, volverían ao pouco ao rego de Falange, malia recoñecer anos máis tarde que “vivimos con recelo la unión de las JONS con Falange” por considerala unha desviación doutrinal que levaría a un “conservadurismo de camisa azul”, o, en outro aspecto, en una copia staliniana a la que no eran ajenos ciertos intelectuales que bullían entonces por Falange”⁴⁸.

Montero tiña, sen dúbida, unha interpretación inxenua da ubicación de Ledesma Ramos no binomio JONS-FE. Se non trataba tanto de quen era máis revolucionario e xenuinamente fascista, senón de como se podía acadar unha mellor fascistización das forzas antirrepublicanas. Mais Montero tamén tiña unha vida á marxe da política. E aproveitou o retiro desta para doutorarse en Historia, afianzar a súa posición profesional —en abril de 1935 pasou a ser profesor auxiliar da Facultade de Filosofía e Letras compostelá⁴⁹—, publicar libros e artigos e, segundo algunha versión, desprazarse en outubro de 1934 a Asturias para comprobar *in situ* o ambiente de axitación revolucionaria. É posible que en agosto de 1934 intentase pedir o ingreso en FE de las JONS, dirixíndose a Ledesma Ramos con ese obxectivo, o que xa non foi posible pola agre relación que nese intre xa existía entre José Antonio Primo de Rivera e Ledesma⁵⁰.

Con todo, Montero mantivo un vencello inquebrantable con Ramiro Ledesma. Este último abandonou a disciplina de FE de las JONS en xaneiro de 1935 e tivo que recoñecer perante o seu antigo correlixionario, cun punto de desacougo, que “fuiste profeta y tenías toda la razón”, polo que propuxo a Montero Díaz colaborar de novo para “ir a unas JONS rigurosamente nacionalistas y obreras”, remesándolle propaganda con ese obxectivo⁵¹. Non obstante, entre 1935 e o primeiro semestre de 1936 Montero Díaz estivo demasiado ocupado coas súas obrigas académicas. Quizais por iso non secundou coa súa pluma as iniciativas postremeiras, fóra de Falange, protagonizadas por Ledesma

Ramos, que resucitou as JONS e editou dous semanarios, *Patria Libre* e *Nuestra Revolución*, revista esta última cuxo único número saíu á rúa o 11 de xullo de 1936⁵² ■

40. *Unidad* 1, decembro 1933. Nel colaboraban o tamén historiador do Mundo Antigo na Universidade Central de Madrid Carmelo Viñas y Mey, e o igualmente historiador da Universidade de Valladolid Eugenio López Aydillo, quen ademais de activo xornalista fora un antigo propagandista do agrarismo.

41. *Programa de Unidad* (extracto), AHUS-AM, Policía de Imprenta n. 814 (novembro de 1933).

42. Carta de S. Montero Díaz a Rodrigues Lapa, 23-XII-1933, p. 53.

43. “Un grave peligro”, *Claridad* 10, 24-II-1934. *Vid.* tamén os varios panfletos antifascistas (*Fascismo jesuítico e Fuera Caretas*) editados polas Xuventudes Socialistas compostelás contra Montero Díaz (AHUS-AM 814, Policía de Imprenta, leg. 5/11/1933 e 7/11/1933), así como a resposta de Montero Díaz no panfleto *Repliquemos* (AHUS-AM 814, Policía de Imprenta, leg. 10/11/1933).

44. “Toque de alarma”, *Claridad* 2, 30-XII-1933; *vid.* tamén *A Nosa Terra* 318, 12-XII-1933.

45. Ucelay-Da Cal, E. (2003). *El imperialismo catalán. Prat da Riba, Cambó, D’Ors y la conquista moral de España*, Barcelona: Edhasa, pp. 842-45.

46. Cartas de R. Ledesma Ramos a S. Montero Díaz, s. l., s. f. [febreiro de 1934 e marzo de 1934], en Ledesma Ramos, *Obras*, vol. IV, pp. 522-24.

47. A carta foi publicada polo mesmo Ledesma Ramos no seu *¿Fascismo en España?* (*Obras*, vol. IV, pp. 233-35). *Vid.* tamén F. Gallego (2005), *Ramiro Ledesma Ramos y el fascismo español*, Madrid: Síntesis, pp. 207-10.

48. Castroviejo, J. M.^a “La ruta de José Antonio”.

49. Tomou posesión en abril de 1935, para dar aulas de Historia de España, Xeografía e Historia Antiga, e renovouna en outubro do mesmo ano, ata que cesou para incorporarse á Universidade de Murcia. *Vid. Registro de Títulos Administrativos de Catedráticos y Empleados. Libro 3*, AHUS-FU, A. 3897.

50. Carta de Ramiro Ledesma a S. Montero Díaz, s. l., 23-VIII-1934, en Ledesma Ramos, *Obras*, vol. IV, p. 525.

51. Carta de Ramiro Ledesma Ramos a S. Montero Díaz, Bilbao, 15-I-1935, reproducida en Ledesma Ramos, *Obras*, vol. IV, p. 526.

52. Curiosamente, Ledesma Ramos non manifestaba un radical rexeitamento ao Estatuto galego en vías de tramitación, e expresaba máis ben unha actitude favorable a algún tipo de federalismo hispánico e de afirmación da diferenza *rexional* a través dun Estado integrador. Porén, sinalaba a *artificiosidade* da demanda autonomista, polo seu relativo apoio social, e o perigo de que a posición xeográfica de Galicia levase os estatutistas a aventuras perigosas, alusión velada a que o galeguismo se orientase a unha unión con Portugal. *Vid.* “La contenda política y social del momento. Hombres. Ideas. Grupos”, *Nuestra Revolución* 1, 11-VII-1936, p. 5, reproducido en Ledesma Ramos, *Obras*, vol. IV, pp. 498-99.

Valar o común?

Carlos Amoedo,
María D. Garza, Manuel Varela,
Daniel Fernández

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

189 xaneiro, febreiro, marzo 2011
Tomo XLIX

Entrevista con
Antonio Lafuente
Amador Fernández-Savater

Documentos

A "Viaxe triangular"
ilustrada por Joaquim Renart
Helena González

As derivas dun
fascista heterodoxo:
Santiago Montero Díaz
Xosé M.
Núñez Seixas

Unha lectura
de Martín Codax
Giuseppe
Tavani

Gilberto Freyre,
un intérprete
do Brasil
Ramón Villares

Carta de Funchal

AP

Valar o común?

Carlos Amoedo,
María D. Garza, Manuel Varela,
Daniel Fernández

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

189 xaneiro, febreiro, marzo 2011
Tomo XLIX

Entrevista con
Antonio Lafuente
Amador Fernández-Savater

Documentos

A "Viaxe triangular"
ilustrada por Joaquim Renart
Helena González

As derivas dun
fascista heterodoxo:
Santiago Montero Díaz
Xosé M.
Núñez Seixas

Unha lectura
de Martín Codax
Giussepe
Tavani

Gilberto Freyre,
un intérprete
do Brasil
Ramón Villares

Carta de Funchal

AP